

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 9 DE ABRIL DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:07 horas do día 9 de abril de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 05.02.2015 e da sesión ordinaria do 05.03.2015

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 115/2015 á 267/2015

Os concelleiros danse por informados.

3. Aprobación, se procede, da resolución do expediente de imposición de penalidades á empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento Viaqua, incoado por Resolución da Alcaldía 1063/2014

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 30.03.2015 por 3 votos a favor do grupo do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

En sesión plenaria de 4.12.2014 o Pleno acordou a ratificación da incoación dun expediente de imposición de penalidades á concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, VIAQUA, por non atender ao requerimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía 982/2013 entre o 9.9.2013 e 17.10.2014, expediente que foi incoado por Resolución 1063/2014 de 17 de outubro.

Fronte á incoación do expediente VIAQUA presentou alegacións o 24.10.2014.

O 4 de febreiro de 2015 a secretaria municipal emite o seguinte informe:

“INFORME DE SECRETARÍA 7/2015

ASUNTO: ALEGACIÓNS Á RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 1063/2014 DE 17 DE OUTUBRO PRESENTADAS POR VIAQUA SAU

ANTECEDENTES:

-Informe do ECCP don Lino Ameneiro Seijo sobre o estado de conservación e danos da EDAR de Maniños de 24.7.2013

-Resolución da alcaldía 928/2013 de 9 de agosto pola que se notifica (o 13.8.2013) proposta de resolución de requerimento de diversas actuacións na instalación acompañadas do baleirado de augas residuais e lodos, concedendo unha audiencia de 10 días.

Non se presentan alegacións no prazo de audiencia.

-Resolución da alcaldía 982/2013 de 27 de agosto pola que se require a Viaqua diversas actuacións na EDAR, advertindo da aplicación, en caso de non atender ao requerimento, do disposto nos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

As actuacións que se requiren son:

* Reparar o vallado perimetal na zona Sur donde resulte accesible superiormente a E.D.A.R. de Maniños.

* Baleirado das augas residuais e lodos acumulados na E.D.A.R. de Maniños.

* Limpeza interior dos paramentos e fondos dos tanques da E.D.A.R. de Maniños.

* Desmontaxe de calquera acometida eléctrica que puidera quedar, en servizo ou non.

* Comprobación de que a E.D.A.R. de Maniños queda totalmente illada respecto de posibles aportacións exteriores de calquera tipo de afluentes.

* Derivación da conducción de entrada hacia a rede de saneamento exterior ata a próxima conexión ó bombeo emprazado no Peirao de Barallobre.

Esta resolución foi notificada o 29.8.2013

-Recurso de reposición presentado por Viaqua o 17.9.2013 no que comunica que se procederá a realizar as actuacións requeridas en resolución 982/2013, agás baleirado de augas residuais e lodos acumulados e a limpeza interior dos paramentos e fondos dos tanques por considerar que non é unha operación de mantemento e conservación, senón necesaria para a clausura da instalación.

Neste escrito di: “Aquagest ha procedido a realizar la consulta en Aguas de Galicia para conocer el trámite necesario para realizar el vaciado de la EDAR al bombeo de aguas residuales de Barallobre y que el contenido de esta sirva para alimentar la nueva EDAR de la ría que depurará el agua de Fene-Mugardos-Ares y que el Concello de Fene no tenga que realizar la gestión del agua y lodo acumulado a través de camiones cisterna y un gestor autorizado.

Aguas de Galicia informa que autorizará el vaciado de esta EDAR de este modo previo conocimiento de las características del agua. Para ello requiere que el Concello realice una analítica que identifique la concentración de contaminantes que posee el agua que previsiblemente se va a verter en la nueva EDAR, no autorizando a realizar el vertido de lodos que perjudicarían el nuevo proceso de depuración.

Es por ello que la empresa se compromete a realizar esta analítica y si el resultado de la misma otorga autorización de Aguas de Galicia para realizar la operación de vaciado, asumir los costes que esta operación representa con objeto de colaborar en la clausura de la instalación. Se estima que el agua acumulada que podría gestionarse en la nueva EDAR representa un volumen de 1.500 m³.”

-Informe do ECCP de 20.9.2013 e da secretaría 238/2013 de 30 de setembro sobre o recurso interposto

-Resolución da alcaldía 108/2013 de 1 de outubro estimando parcialmente o recuso interposto anulando o requerimento de limpeza interior dos paramentos e fondos dos tanques da EDAR por non estar comprendidos no obxecto do contrato, desestimando o resto das alegacións e advertindo que a demora na execución no requerimento poderá dar lugar á imposición de penalidades por importe de 30€/día.

Esta resolución foi notificada o 3.10.2013.

-Escrito de Viaqua con RXE 5.12.2013 no que se solicita que se xestione autorización con Aguas de Galicia para o baleirado de augas residuais na EDAR Fene-Mugardos-Ares.

Neste escrito di: “atendiendo a la petición del Concello de Fene de realizar el vaciado de la EDAR, la empresa VIAQUA, ha procedido a realizar la consulta en Aguas de Galicia para conocer el trámite necesario para realizar el vaciado del agua residual acumulada en la EDAR de Maniños al bombeo de aguas residuales de Barallobre y que el contenido de esta sirva para alimentar la nueva EDAR de la ría que depurará el agua de Fene-Mugardos-Ares. Realizando esta actuación, evitará que el Concello de Fene, tenga que realizar la gestión del agua y lodo acumulado a través de camiones cisterna y un

gestor autorizado sendo el único material que necesitará una gestión especial el lodo final decantado”

-Presentación de recurso contencioso-administrativo fronte á resolución da alcaldía 1088/2013

-Informe policial de 29.7.2014 sobre as fendas da EDAR

-Informe de 9.10.2014 do ECCP municipal sobre a urxencia de actuación de baleirado da EDAR

-Resolución da alcaldía 1063/2014 de 17 de outubro de incoación de expediente de imposición de penalidades por non atender ao requerimento efectuado mediante resolución 982/2013 entre o 9.9.2013 e 17.10.2014, na que se advirte que a non atención do requerimento en 4 días naturais poderá dar lugar á execución subsidiaria á súa costa e se concede un prazo de audiencia de 10 días.

-Presentación de alegacións por parte de Viaqua o 24.10.2014, xunto con solicitude de suspensión que é respóstada en resolución 1230/2014 de 20 de novembro.

-Acordo de ratificación da incoación do expediente de imposición de penalidades adoptado en sesión plenaria de 4.12.2014, nomeando instrutor do expediente ao alcalde.

Dito acordo foi notificado a Viaqua aos efectos de recusación o 15.12.2014.

Emítase o presente informe co obxecto de estudar e contestar as alegacións presentadas fronte á resolución da alcaldía 1063/2014, polo que á vista do expediente, INFORMO:

PRIMEIRO.- CONTIDO DAS ALEGACIÓNS

Nas alegacións presentadas Viaqua alega que non pode realizar o baleirado da instalación porque o concello non tramita a autorización para facer esta operación, motivo polo que non se lle pode achacar desidia.

Que a imposición de penalidades atende ao abandono ou desidia na demora da execución das reparacións do servizo, non procedendo a imposición porque o baleirado non entra dentro das obrigas da mercantil e, por outra parte, non é ningunha reparación do servizo, porque dende xuño de 2013 a instalación non ten servizo.

Engade que non é responsabilidade da mercantil que o concello non tomara ningunha medida de tipo estrutural en relación coas fendas da EDAR, tal e como expoñía no ano 2005 en escrito con rexistro de entrada 7.3.2005.

SEGUNDO.-ANÁLISE DO CONTIDO DAS ALEGACIÓNS

A discusión sobre si as operacións obxecto do expediente de imposición de penalidades son competencia de VIAQUA xa foron resoltas na resolución da alcaldía 108/2013 de 1 de outubro.

Con independencia de que o asunto estea xudicializado, o acto é executivo por non atoparse suspendido, polo que, entendendo a administración municipal que as operacións requeridas forman parte do obxecto da concesión administrativa, a incoación do expediente de imposición de penalidades por non atender ao requerimento feito, entra dentro das prerrogativas que a Administración ten.

Entende a suscribinte que non procede entrar a dilucidar máis sobre esta cuestión ao estar resolta administrativamente, pero si considera que merece a pena salientar que o propio contratista se contradí continuamente ao respecto, xa que, por exemplo, supostamente non lle corresponde baleirar lodos, pero no escrito de 2005 e no de 17.9.2013 indica como os está a facer.

Como se informaba no informe 238/2013: “La presente contratación se rige por lo dispuesto en el contrato firmado el 19.11.1993, del que forman parte los pliegos aprobados por la Corporación Municipal en sesión de 1.7.1993, así como la modificación firmada el 26.3.2002.

Supletoriamente resulta de aplicación el Decreto 923/1965, por el que se aprueba el texto articulado de la Ley de Contratos del Estado, Decreto 3410/1975, de 25 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Contratación del Estado, el Decreto de 17 de junio de 1955, por el que se aprueba el Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, LBRL, TRRL y supletoriamente la normativa privada.”

Esta normativa resulta de aplicación en base á DT1ª TRLCSP que di que os contratos administrativos adxudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.

Asemade o contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.

O Decreto 923/1965 establece, por unha banda, nos artigos 71 e ss. que o empresario deberá executar as obras precisas e organizar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e nos prazos nel sinalados, debendo cuidar da boa orde do servizo, sen prexuízo das facultades que o art. 65 dá a Administración, que é a conservación dos poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) establece no seu artigo 127, entre as prerrogativas municipais: "Fiscalizar la gestión del concesionario, a cuyo efecto podrá inspeccionar el servicio, sus obras, instalaciones y locales y la documentación relacionada con el objeto de la concesión y dictar las órdenes para mantener o restablecer la debida prestación"

No artigo 131.1 deste regulamento establécese que "El pliego de condiciones detallará la situación y el estado de conservación en que habrán de encontrarse las obras y el material afectos a la concesión en el momento de reversión de la misma."

Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.

A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que "en orde á explotación e conservación de obras e instalacións, consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.

Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados."

Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar tecnicamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).

Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 nesteponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de obra civil e que, co novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.

En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo.

Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.

De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a "reparacións do servizo" cando a EDAR non está en funcionamento e non hai "servizo" que reparar.

Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).

Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de "rescate do servizo", "infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo".

Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.

Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di "As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista."

Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.

Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.

Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía.

TERCEIRO.-ANÁLISE DA PETICIÓN DE PROBAS

No seu escrito de alegacións VIAQUA solicita subsidiariamente que se acorde a práctica de proba para acreditar os feitos postos de manifesto no seu escrito.

As probas serían, como documental privada, que se incorporen ao expediente os documentos que achega xunto coas alegacións e como documental pública que se expida certificación acreditativa das medidas que o concello tomou para pór solución á EDAR de Maniños tal e como eles informaban en escrito de 2.3.2005 e das actuacións levadas a cabo para autorizar o baleirado da EDAR.

Consideran que a proba é precisa para acreditar que a urxenza do baleirado provén da inactividade do concello dende o ano 2005.

Como se mencionou anteriormente o informe de AQUAGEST de 2.3.2005 non indica medidas a adoptar, tal e como así o debía facer en base á cláusula 8.2 do prego, senón que, pola contra, o concesionario parece indicar que todos os problemas aos que alude se solucionarán coa nova estación de bombeo. Ante isto, non cabe achacar ningunha inactividade ao Concello, ou, en todo caso, se houbo inactividade, foina porque o concesionario non informou da necesidade de actuar conforme lle obriga o prego.

Entende a suscribinte que non procede, polo tanto, aceptar esta petición de proba, xa que a mesma só tería sentido se o contratista informara sobre medidas concretas a adoptar, tal e como esixe a cláusula 8.2 do prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión.

Solicita asemade que se certifique sobre as actuacións levadas a cabo para solicitar a autorización de baleirado da EDAR ante o organismo competente.

Ante isto, débese facer especial fincapé en que a Alcaldía de Fene cando require a VIAQUA que proceda ao baleirado da EDAR nunca lle di como nin onde. Isto é así, dende que se notifica a proposta de resolución mediante resolución 928/2013 o 13.8.2013, outorgando un prazo de alegacións de 10 días, sen que o concesionario alegara nada.

Pola contra, é a concesionaria a que fala de baleirar na EDAR Fene-Ares-Mugardos, facéndoo por primeira vez no recurso de reposición presentado o 17.9.2013 fronte á resolución 928/2013, recurso no que di que non é da súa responsabilidade baleirar a EDAR pero ao mesmo tempo di que consultou con Augas de Galicia a posibilidade de facelo para que o concello non teña que facelo a través de camións cisterna e un xestor autorizado.

Así as cousas, é a concesionaria a que, sen máis informar ou asesorar, decide por conta propia, que esa operación de baleirado é a que se debe facer e non outra e sen que ningunha autoridade lle indique que a operación debe facerse así ou doutro xeito.

Non existe en todo o expediente nin unha soa orde por parte da autoridade municipal na que se lle indique a VIAQUA que faga o baleirado na EDAR Fene-Ares-Mugardos, nin un só escrito no que VIAQUA asesore ao Concello de Fene sobre que esa operación é a tecnicamente idónea, algo que é da súa responsabilidade, xa que o prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión na cláusula 1.3 dispón que "o concesionario deberá informar e asesorar tecnicamente á Corporación sobre todo o relativo ós servizos de auga e rede de saneamento, incluíndo a presupostación derivada de estudos para a ampliación ou mellora da rede."

Por riba, a acta de recepción da EDAR Fene-Ares-Mugardos e todas as instalacións incluídas no proxecto de actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol non foi asinada ata o 29.5.2014, polo que, cando o Concello de Fene require que VIAQUA actúe a operación de baleirado non era posible en dita instalación.

A primeira vez que VIAQUA solicita formalmente que o Concello de Fene recabe autorización de Augas de Galicia para baleirar a EDAR de Maniños na EDAR Fene-Ares-Mugardos foi o 5.12.2013 mediante escrito con RXE 10715, data na que a EDAR non estaba en funcionamento, xa que, como se expuxo anteriormente a acta de recepción é de 29.5.2014.

Constan no concello escritos dirixidos por VIAQUA nos que se pon de manifesto que a mercantil coñece que a planta non estaba en funcionamento:

-Escrito con RXE 18.7.2014 no que solicitan data de posta en marcha de bombeos no que di: "La aplicación del coeficiente de vertido tiene lugar desde la efectiva prestación del servicio de depuración en la EDAR gestionada por la Administración Hidráulica de Galicia, no siendo concedora esta concesionaria de las fechas de entrada en funcionamiento de los bombeos que conducen las aguas residuales a la EDAR de Ares...consultamos con Aguas de Galicia telefónicamente, indicándonos que la infraestructura ya ha sido entregada...."

-Escrito de 1.8.2014 RXE 7091 co que achegan escrito de Augas de Galicia aclaratorio das datas de aplicación do coeficiente de vertidura no que se lles comunica que a infraestructura foi recepcionada o 29.5.2014.

Non ten sentido, polo tanto, que VIAQUA, sendo coñecedora na data de presentación das presentes alegacións (24.10.2014) que a infraestructura non estaba recepcionada, insista nas súas alegacións en que a operación non puido ser practicada pola falta de tramitación da autorización por parte do Concello.

Nas súas alegacións a mercantil exclama "¿qué es lo que se está achacando como desidia a esta mercantil, si todavía a día de hoy no nos consta que exista dicha autorización? ¿Cómo pretende el Concello que Viaqua proceda a realizar el vaciado de agua?"

Cabería preguntarse ¿como Viaqua pretendía que o concello solicitara unha autorización para unha instalación non recepcionada e que non tiña pasados os debidos controis de calidade? E ¿como Viaqua estando obrigada constructualmente a asesorar tecnicamente ao concello lle solicita unha autorización para facer unha operación inviable, segundo o exposto?

Ante a petición de práctica da proba debe salientarse que o artigo 80 da Lei 30/92 di:

"1. Los hechos relevantes para la decisión de un procedimiento podrán acreditarse por cualquier medio de prueba admisible en Derecho.

2. Cuando la Administración no tenga por ciertos los hechos alegados por los interesados o la naturaleza del procedimiento lo exija, el instructor del mismo acordará la apertura de un período de prueba por un plazo no superior a treinta días ni inferior a diez, a fin de que puedan practicarse cuantas juzgue pertinentes.

3. El instructor del procedimiento sólo podrá rechazar las pruebas propuestas por los interesados cuando sean manifiestamente improcedentes o innecesarias, mediante resolución motivada."

A xuízo da suscribinte as probas que se solicita se practiquen son manifestamente innecesarias e improcedentes, xa que a documental privada e pública queda incorporada de forma automática ao expediente a medida que se presenta ou se produce. Todos os antecedentes escritos relativos á solicitude de autorización do baleirado obran no expediente e non procede certificar sobre documental relativa ás medidas adoptadas polo concello para por solución á EDAR de Maniños porque, como xa se expuxo anteriormente, ningunha medida foi instada pola concesionaria, tal e como lle competía.

CUARTO.-DA ACTUACIÓN MUNICIPAL

Á vista do expediente deben facerse as seguintes si consideracións:

-Tal e como se pon de manifesto nos antecedentes deste informe, o concello require a VIAQUA a actuación sobre a EDAR de Maniños en diversas ocasións sen indicarlle como realizar a mesma.

-VIAQUA solicita que o Concello xestione unha autorización de baleira nunha instalación non recepcionada.

-Inda que o concello nunca indicou a VIAQUA como xestionar a operación, tampouco lle negou a posibilidade de facelo na EDAR de Punta Avarenta.

Visto o que antecede, en base aos principios de boa fe e confianza lexítima que deben presidir a actuación da Administración, a suscribinte considera que non resulta procedente no presente expediente manter a imposición de penalidades dende que a operación de baleirado na EDAR de Punta Avarenta era factible.

Así as cousas, considerando que o concello non negou a posibilidade de baleirar na citada EDAR, o expediente de imposición de penalidades incoado por resolución 1063/2014, ratificado polo pleno municipal en sesión de 4.12.2014, debería selo polo período que vai dende o 9.9.2013 ao 29.5.2014, inclusive, procedendo, polo tanto, estimar parcialmente as alegacións presentadas.

A pesar disto, inda que non forma parte deste expediente, a suscribinte quere salientar que unha vez obtida a autorización e notificada a VIAQUA, a xestión encomendada pola alcaldía segue sen executarse polo concesionario, sendo coñecedora a suscribinte polo se puido informar polo xefe de planta da EDAR de Punta Avarenta que a concesionaria non se puxo en contacto con el. Ante isto, infórmase á alcaldía que procede abrir un novo expediente de imposición de penalidades dende a data na que VIAQUA conta coa autorización de baleirado (2.1.2015) ata o momento presente e iso sen ter en conta o escrito aclaratorio achegado o 19.1.2015, xa que, tal e como foi contestado, a autorización estaba perfectamente clara e a solicitude de aclaración non tiña obxecto, agás, entende a suscribinte, que o de intentar demorar máis a operación.

Asemade, estando xa previamente advertida en resolución 1063/2014 do 17 de outubro, á vista da actitude da concesionaria, procede dictar execución subsidiaria a costa da mesma.

CONCLUSIÓN:

Cómpre estimar parcialmente as alegacións presentadas por VIAQUA o 24.10.2014 de tal xeito que o expediente de imposición de penalidades incoado o sexa polo período que vai dende o 9.9.2013 e o 29.5.2014, desbotando o resto das alegacións, así como a petición de proba, conforme ao establecido no presente informe.

Fene, 4 de febreiro de 2015

A secretaria

Estefanía Manteiga Lamas"

Por parte do alcalde, como instrutor do procedemento, ditouse unha dilixencia de instrución o pasado 5.2.2015 pola que se puxo o expediente de manifesto e se resolveu denegar a petición de proba realizada por VIAQUA no seu escrito de alegacións.

Transcorrido o prazo establecido na dilixencia de instrución sen que se presentaran alegacións, cómpre resolver o expediente, polo que propoño ao pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por VIAQUA o 24.10.2014 de tal xeito que o expediente de imposición de penalidades incoado por Resolución da Alcaldía 1063/2014 de 17 de outubro e ratificado por acordo plenario de 4.12.2014 o sexa polo período que vai dende o 9.9.2013 e o 29.5.2014, desbotando o resto das alegacións, con base aos fundamentos xurídicos do informe de secretaría 7/2015.

SEGUNDO.-Impor a VIAQUA unhas penalidades de 7.860 € (262 días*30€/día) por non atender ao requerimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía 982/2013 conforme ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

Ditas penalidades faranse efectivas mediante cantidades que se deban ao contratista ou, no caso de non ser posible, con cargo á garantía definitiva do contrato.

TERCEIRO.-Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contando dende o día seguinte ó de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente, o acordo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Fene, 23 de marzo de 2015
O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que neste e no seguinte punto da orde do día o seu grupo se vai abster para que o expediente poida seguir adiante, entendendo que é un tema que compete ao goberno actual.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Estimar parcialmente as alegacións presentadas por VIAQUA o 24.10.2014 de tal xeito que o expediente de imposición de penalidades incoado por Resolución da Alcaldía 1063/2014 de 17 de outubro e ratificado por acordo plenario de 4.12.2014 o sexa polo período que vai dende o 9.9.2013 e o 29.5.2014, desbotando o resto das alegacións, con base aos fundamentos xurídicos do informe de secretaría 7/2015.

2. Impor a VIAQUA unhas penalidades de 7.860 € (262 días*30€/día) por non atender ao requerimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía 982/2013 conforme ao artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a concesión.

Ditas penalidades faranse efectivas mediante cantidades que se deban ao contratista ou, no caso de non ser posible, con cargo á garantía definitiva do contrato.

3. Notificar este acordo ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e fronte ao mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 116.1 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contando dende o día seguinte ó de aquel no que se teña producido o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente, o acordo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 116.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

4. Aprobación, se procede, do expediente de incoación de imposición de penalidades á empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento Viaqua 1/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 30.03.2015 por 3 votos a favor do grupo do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: incoación de expediente núm. 1/2015 de imposición de penalidades administrativas á concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento, Viaqua.

Dende agosto de 2013 o Concello de Fene requeriu á concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento, Viaqua, que realizara unha serie de actuacións na EDAR de Maniños entre as que se incluía o baleirado de augas residuais e lodos acumulados.

A partir daquel momento iniciouse un proceso administrativo e xudicial, procedéndose en vía administrativa a incoar un expediente de imposición de penalidades administrativas por demora na realización das actuacións requeridas.

Durante a instrución do citado expediente a concesionaria alegou que o baleirado de augas residuais requerido era inviable por non contar coa autorización de Augas de Galicia que era precisa.

Unha vez remitido ao contratista a autorización de baleirado que alegaba que lle imposibilitaba a realización do baleirado, este prosegue sen se realizar.

A secretaria municipal emitiu o seguinte informe 34/2015:

“INFORME DE SECRETARÍA 34/2015

ASUNTO: imposición de penalidades administrativas

ANTECEDENTES:

- 1.-Incoación de expediente de imposición de penalidades administrativas por Resolución da Alcaldía 1063/2014, ratificado polo Pleno o 4.12.2014, por non atender ao requerimento efectuado mediante resolución 982/2013 entre o 9.9.2013 e 17.10.2014.
- 2.-Informe de secretaría 7/2015
- 3.-Dilixencia de instrución estimando parcialmente as alegacións presentadas por Viaqua o 24.10.2014, pola que se estima que o período de penalización debe comprender dende o 9.9.2013 ata o 29.5.2014
- 4.-Autorización para baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia de 17.12.2014
- 5.-Remisión a Viaqua da autorización de baleirado da EDAR de Maniños o 2.01.2015 indicándose por parte da Alcaldía a pronta actuación conforme ás instrucións dadas ata o momento e a autorización remitida
- 6.-Solisitude de aclaración da autorización de baleirado por parte de Viaqua o 19.01.2015, que se contesta o 20.01.2015 como improcedente ante a claridade da autorización autonómica, reiterando que se actúe sen demorar máis a actuación.
- 7.-Dilixencia de comparecencia do xefe de planta da EDAR de Punta Avarenta (Chema González) perante a Policía Local de Fene na que se constata que a data de hoxe a actuación segue sen estar realizada e que a concesionaria Viaqua non se puxo en contacto con esta persoa (tal e como se lle indica na autorización autonómica como paso previo para realizar o baleirado).

Á vista do que antecede, INFORMO:

PRIMEIRO.-A DT1ª do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de contratos do sector público (TRLCSP) di que os contratos administrativos adxudicados antes da entrada en vigor desta lei rexiranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción pola normativa anterior.

Asemade o presente contrato administrativo, na cláusula 22 do prego, establece que para o non previsto no prego, rexerán as normas da Lei 7/85, RD 781/86, RSCL, Lei de contratos do Estado e o seu regulamento e, en defecto dos anteriores, normas de dereito privado.

O Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de contratación do Estado establece no seu artigo 228 que "Si el empresario incumpliese alguna de las cláusulas previstas en el contrato sin dar lugar a la resolución, no obstante la advertencia previa de la Administración, instándole a que cumpla el compromiso, dará derecho a ésta a imponer las sanciones que se hubiesen previsto en el contrato".

Ante a falta de regulación na normativa contractual dun procedemento específico para imposición das penalidades que correspondan -máis alá de competencia para a súa imposición e a súa forma de execución- e vista a xurisprudencia existente, debe acudirse ás disposicións xerais sobre os procedementos administrativos do título VI da Lei 30/1992 non lle sendo de aplicación a normativa propia do dereito sancionador (STS do 18.05.2005, 10.02.1990 e 21.11.1988).

Polo sinalado, transcorridos os 10 días naturais dende a remisión a Viaqua da autorización de baleirado da EDAR de Maniños o 2.01.2015 indicándose por parte da Alcaldía a pronta actuación conforme ás instrucións dadas ata o momento e a autorización remitida sen que se cumprira co requirimento realizado, atopámonos ante un incumprimento contractual.

Conforme ao anterior expediente de incoación de penalidades administrativas e o informado pola suscribinte no informe 7/2015 cómpre incardinar este incumprimento contractual na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión cando considera falta leve sancionable con 30 euros diarios a demora na execución das reparacións do servizo.

En canto á interpretación dada á reparación do servizo remítome ao informado no informe 7/2015 no que dicía:

"Na cláusula 1.1 do prego que rexe a concesión inclúese expresamente o mantemento e conservación das depuradoras en funcionamento e as que no futuro puideran entrar en servizo, coa obriga de limpeza e eliminación dos seus lodos.

A cláusula 8.1 do prego afonda máis sobre o que debe entenderse por mantemento e conservación destas instalacións, xa que di que "en orde á explotación e conservación de obras e instalacións,

consideraranse tódalas de captación, depuración, elevación, tratamento, impulsión, acumulación e distribución ata as acometidas dos abonados, incluíndo as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista.

Asímesmo o concesionario estará obrigado á limpeza e conservación da rede de saneamento ata a entrada á edificación dos abonados."

Por outra banda, a cláusula 8.2 indica que traballos como eliminación de fendas ou deterioros importantes non serán a cargo do contratista sempre que houbera forza maior ou non se deban á súa culpa ou negligencia. Ante calquera destes problemas, o contratista debe presentar un informe sobre a posible razón destes deterioros e sobre as medidas a adoptar, algo que está na liña da súa obriga de informar e asesorar técnicamente á corporación (cláusula 1.3 dos pregos).

Analizado o escrito presentado en marzo de 2005 neste ponse de manifesto que a capacidade de tratamento da EDAR está desbordada por exceso de caudal, que a empresa está a xestionar lodos trasladándoos no camión de saneamento da empresa xestora, que o funcionamento con normalidade require de grande esforzo porque son necesarias reparacións pola corrosión que soporta e a obsolescencia dos equipos, fálase de fendas como defectos de obra civil e que, co novo plan de saneamento integral da ría, as augas residuais que xestiona serán bombeadas á nova estación que se contempla.

En ningún caso neste escrito, como así dispón a cláusula 8.2 do prego, se indican medidas a adoptar; pola contra, o concesionario parece indicar que todos estes problemas se solucionarán coa nova estación de bombeo.

Non se pode, polo tanto, achacar desidia de tipo ningún á administración, cando o propio contratista non solicita ningunha actuación concreta, tal e como debe facelo segundo as súas obrigas.

De forma bastante insidiosa a mercantil alega que a imposición de penalidades non procede por aludir a "reparacións do servizo" cando a EDAR non está en funcionamento e non hai "servizo" que reparar.

Debe terse presente que é o órgano de contratación o competente para interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sendo o acto que dicte inmediatamente executivo, previo informe da asesoría xurídica (artigo 18 TALBCE).

Entende a suscribinte que esta argumentación é de todo rebuscada e que cando se fala de servizo, se fala do servizo público que se está a prestar, isto é, o propio obxecto do contrato, e non do funcionamento concreto dunha instalación, tal e como sucede noutros puntos do prego, como cando se fala de "rescate do servizo", "infracción de carácter grave que puxera en perigo a boa prestación do servizo".

Así as cousas, dado que a cláusula fala de reparación do servizo e non de instalacións, debe entenderse que se está a aludir con reparar o servizo a proseguir na boa execución do mesmo.

Así considera a suscribinte que debe ser interpretado, xa que claramente se aprecia outro sentido no prego cando di "As reparacións que se efectúen en todas estas obras e instalacións do servizo como consecuencia de fugas, avarías, etc. consideraranse traballos de conservación e correrán a cargo do contratista."

Isto é: o prego distingue reparación do servizo e reparacións en obras e instalacións, encadrándose a presente no primeiro suposto.

Asemade, a cláusula 8.1 do prego establece unha clara concomitancia entre reparación e traballos de conservación, equiparándoos.

Non ten sentido que se a Administración conserva as súas funcións de policía, só poida compeler a que se efectúen reparacións concretas ou determinadas, agás as expresamente excluídas, ou que haxa ámbitos sobre os que a súa función de policía se vexa mermada, como se desprendería da interpretación de VIAQUA, máis, pola contra, entender reparación do servizo, como atender aos requerimentos de reposición da súa correcta execución é máis conforme con esa función de policía."

Así as cousas, constatado que a día de hoxe segue sen atenderse ao requerimento feito pola Alcaldía cómpre que o órgano de contratación (o Pleno) incoe o correspondente expediente de imposición de penalidades a razón de 30 euros ao día polo tempo transcorrido entre o 2.01.2015 e o 26.03.2015 (podendo variar este último en función da data da proposta da alcaldía ou o acordo plenario, unha vez constatado que nesa data o requerimento segue sen se cumprir) sen que Viaqua atenda á orde dictada pola Alcaldía de baleirado da EDAR de Maniños e demais actuacións que se lle requiriran á concesionaria na Resolución 982/2013.

SEGUNDO.- En virtude da DA 2ª TRLCSP e o artigo 47 LBRL o Pleno é o órgano competente para a adopción do presente acordo por maioría simple, debendo nomear a un instrutor do expediente.

CONCLUSIÓN: Infórmase favorablemente a incoación dun expediente de imposición de penalidades administrativas á concesionaria do servizo de explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de sumidoiros do municipio de Fene, Viaqua, a razón de 30 euros ao día polo tempo transcorrido entre o 2.01.2015 e o 26.03.2015 sen realizar as actuacións requiridas na Resolución da Alcaldía 982/2013, unha vez que se lle deu traslado d autorización autonómica para o baleirado da EDAR de Maniños.

Fene, 26 de marzo de 2015
A secretaria
Estefanía Manteiga Lamas"

En base ao que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o 2.01.2015 e o 26.03.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia.

SEGUNDO.- Dar audiencia no expediente a Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, SAU polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, para que formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, conforme ao artigo 84 da Lei 30/1992.

TERCEIRO.-Nomear instrutor do procedemento ao alcalde.

CUARTO.-Notificar este acordo ao contratista indicándolle que é un acto de trámite non decisorio fronte ao que non cabe a interposición de ningún recurso, sen prexuízo do que caiba interponer fronte á resolución que poña fin ao procedemento.

Non obstante, contra o acto de nomeamento de instrutor poderá presentar recusación, consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Fene, 26 de marzo de 2015
O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal"

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que este expediente non é mais que unha continuación do anterior.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Incoar expediente para a imposición de penalidades a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU por importe de 30 euros ó día polo tempo transcorrido entre o

2.01.2015 e o 26.03.2015 polo incumprimento contractual do contrato de concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do Concello de Fene derivado de non atender ó requirimento efectuado mediante Resolución da Alcaldía núm. 982/2013, unha vez remitida a autorización de baleirado da EDAR de Maniños na EDAR de Punta Avarenta de Augas de Galicia.

2. Dar audiencia no expediente a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU polo prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao do recibo da notificación deste acordo, para que formule alegacións e presente os documentos e xustificantes que coide pertinentes en defensa dos seus dereitos e intereses, conforme ao artigo 84 da Lei 30/1992.

3. Nomear instrutor do procedemento ao alcalde.

4. Notificar este acordo ao contratista indicándolle que é un acto de trámite non decisorio fronte ao que non cabe a interposición de ningún recurso, sen prexuízo do que caiba interpoñer fronte á resolución que poña fin ao procedemento.

Non obstante, contra o acto de nomeamento de instrutor poderá presentar recusación, consonte ao disposto no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

5. Aprobación, se procede, do expediente de rectificación de erro material no expediente de crédito extraordinario 2/2014

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 30.03.2015 por 3 votos a favor do grupo do PP e 3 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto):

"ASUNTO.- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL EXPEDIENTE DE CREDITO EXTRAORDINARIO Nº 02/2014.

Logo de ver o informe da Intervención municipal de 09/02/2014 que transcrito di: INFORME DE INTERVENCIÓN
ASUNTO.- ERROS MATERIAIS DETECTADOS NO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 02/2014.

Marta Roca Naveira, Interventora do concello de Fene, en relación co asunto mencionado emite o seguinte INFORME:

1º.- Con data de 08/05/2014, o Pleno do Concello de Fene, aprobou o expediente de crédito extraordinario nº 2/2014 por un importe de 164906.83 €. A modificación financiábase con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. O expediente entrou en vigor o día 17/06/2014 procedéndose á súa contabilización.

Por parte desta informante, e como consecuencia da realización de determinadas comprobacións previas ó peche do exercicio contable 2014, constatouse da existencia duns erros no expediente de crédito extraordinario 2/2014. Así a providencia da Alcaldía pola que se inicia o expediente detalla que a finalidade do expediente é financiar os seguintes gastos:

Programa	Económico	Descrición	Importe
151	22790	HONORARIOS PROXECTO CAMIÑO DO LADEIRO E OUTROS	2528,30
155	21090	TRABALLOS MANTEMENTO CONST. CARPIN.MADEIRA NOVEM	2516,80
161	21090	SUMINISTRO MATERIAL PARA OBRA ALCANTARILLADO	113,99
161	22190	ENERXIA ELECT. ESTACION BOMBEO BEIRAMAR NOVEMB.	23,22
162	21090	SUMINISTRO DIVERSO MATERIAL PARA OBRAS	216,83

Programa	Económico	Descripción	Importe
162	22190	COMBUSTIBLE VEHICULO LIXOC-8886-CJ	985,14
162	22790	LAVADO MECANIZADO DE CONTENEDORES MES XULLO	2164,80
162	22790	RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS XULLO,AGOST,SET,OUTR	3250,50
163	22790	SERV.LIMPEZA PISTAS DEPENDEN.CONCELLO CON MAQUINAR	6732,00
163	22790	REFORZOS TRABALL. E LIMPEZA ACERAS BORDILLOS OUT-N	6864,00
165	21090	SUMINISTRO UTILES, FERRAMENTAS PAÑOL ELECTRICIDADE	1793,34
165	22190	SUBMINISTRO ENERXIA ELÉCTRICA ALUMEADOS	18430,93
179	22790	SERVIZO DE LIMPEZA DIVERSAS ZOAS DO CONCELLO	9601,35
221	16290	SUPLEMENTO REGULARIZA POLIZAS	992,03
312	21290	REPARACION CALEFACION DO CENTRO DE SAUDE DE FENE	201,78
312	21290	MATERIAL DE REPOSICION E CONSERV. C.SAÚDE MANIÑOS E FENE	126,93
312	22190	SUBMINISTRO GAS E ENERXIA ELECTRICA CENTROS SAUDE	6218,19
312	22790	SERV LIMPEZA CENTRO SAUDE MANIÑOS DECEMB	77,80
313	22790	SERV.VACIADO E LIMPEZA WCPASEO S.VALENTIN NOV.	285,56
323	21290	MANTEMENTO ESCOLAS E COLEXIOS	5523,09
323	21390	REVISION E REP. MANTEMENTO CALEFACCIONS COLEXIOS	1543,96
323	22190	ENERX.ELECT. ESCOLAS	4537,35
323	22790	LIMPEZA ESCOLAS E COLEXIOS	14689,74
334	22190	ENERXIA ELECT.CASA DA CULTURA MES OUTUBRO	823,16
334	22690	CATERING FESTIVAL PANXOLIÑAS	1200,00
341	21290	REPARACION EFECTUADA NO POLIDEPORTIV.XUNQUEIRA	244,14
341	22690	MEMORIAL ADOLFO ROS E VOLTA A RIA	3702,56
341	22790	ACTIVIDADES DEPORTIVAS	12400,66
342	22190	SUBMINISTROS ENERXETICOS PAVILLONS, PISCINA	17229,01
432	22690	SERVIZO DE COMIDAS FERIA MEDIEVAL	144,00
432	22790	CARPA PARA V FERIA MULTISECTORIAL	2783,00
453	20390	ALUGUER MAQUINARIA PARA OBRAS	2819,20
453	21090	SUBMINISTRO MATERIAL OBRAS	5202,59
453	21390	ALUGUER OSIXENO E ACETILENO BOMBONAS SOLDAR SETEMB	672,52
453	21490	REPARACION VEHICULOS OBRAS	3782,62
453	22190	SUMINISTRO VESTUARIO PERSOAL DE OBRAS E SERV.	406,44
453	22190	MATERIAL PARA SINALIZACION VIAL ESTRADAS	12,71
453	22190	COMBUSTIBLE VEHICULOS OBRAS	4484,46
453	22190	MATERIAL LIMPEZA OBRAS	113,44
453	61990	TRABALLOS REALIZADOS PAV.SAN VALENTIN	10663,90
453	61990	SUMINISTRO MATERIAL OBRACAMIÑO CHAMOSO ALTO	6897,00
453	61990	HONORARIOS PROGRAMA MELLORA CAMIÑOS CARBALLAS ETC	845,52
920	21290	SERV.LIMPEZA E CALIBRADO CALDERA DE CALEFAC.	584,43
920	22190	SUBMINISTRO ENERXIA ELECTRICA	436,43
920	22290	ENVIO POSTAL PENINSULAR SOBRE BARCELONA	41,41
Total			164906,83

Sen embargo, na memoria xustificativa asinada pola Alcaldía, certificado emitido pola Intervención acumulada e a proposta da Alcaldía que se une ó expediente figura o seguinte detalle por aplicacións orzamentarias:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528.30

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
155/21090	Infraestruturas. REC	2516.80
161/21090	Infraestruturas. REC	113.99
161/22190	Enerxía eléctrica. REC	23.22
162/21090	Infraestruturas. REC	216.83
162/22190	Enerxía eléctrica. REC	985.14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415.30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596.00
164/21090	Infraestruturas. REC	1478.23
165/21090	Infraestruturas. REC	315.11
165/22190	Enerxía eléctrica. REC	18430.93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601.35
221/16290	Seguros. REC	992.03
312/21290	Mantemento edificios. REC	328.71
312/22190	Enerxía eléctrica. REC	6218.19
312/22790	Outros Servicios. REC	77.80
323/21290	Mantemento edificios. REC	285.56
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	5523.09
323/22190	Enerxía eléctrica. REC	1543.96
323/22790	Outros Servicios. REC	4537.35
334/22190	Enerxía eléctrica. REC	14689.74
334/22690	Outros gastos. REC	823.16
341/21290	Mantemento edificios. REC	1200.00
341/22690	Outros gastos. REC	244.14
341/22790	Outros Servicios. REC	3702.56
342/22190	Enerxía eléctrica. REC	12400.66
432/22690	Outros gastos. REC	17229.01
432/22790	Outros Servicios. REC	144.00
341/22690	Outros gastos. REC	2783.00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819.20
453/21090	Infraestructura. REC	5202.59
453/21390	Maquinaria, Instalacións e outros. REC	672.52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782.62
453/22190	Enerxía eléctrica. REC	5017.05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr.. REC	18406.42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584.43
920/22190	Enerxía eléctrica. REC	436.43
920/22290	Comunicacións. REC	41.41

Compróbase que a contabilización do expediente realizouse segundo o detalle que figura na providencia do expediente, procedéndose trala súa contabilización á aprobación das facturas ás que ía ligado dito expediente modificativo, gastos que son coincidentes cos que figuraban detallados na providencia de inicio do expediente.

Resulta pois que na táboa co detalle das aplicacións orzamentarias creadas co expediente de crédito extraordinario que figura na memoria, certificado de intervención e proposta da Alcaldía existe un erro material toda vez que en ditas táboas se omitiu a aplicación 313/22790 que sí figuraba na providencia de inicio, e ademais nas aplicacións 323/21290 323/21390 323/22190 323/22790 334/22190 334/22690 341/21290 341/22690 341/22790 342/22190 432/22690 432/22790 figuran uns importes que se corresponden co doutra aplicación. O erro parte da omisión na táboa desta aplicación orzamentaria (313/22790) e a partir del os importes das seguintes aplicacións que foron mencionadas tamén figuran incorrectos.

Polo tanto, resultaría que o detalle das aplicacións orzamentarias creadas polo crédito extraordinario nº 2/2014 sería o seguinte:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528,30
155/21090	Infraestructura REC	2516,80
161/21090	Infraestructura REC	113,99
161/22190	Enerxía Eléctrica. REC	23,22
162/21090	Infraestructura REC	216,83
162/22190	Enerxía Eléctrica. REC	985,14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415,30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596,00
165/21090	Infraestructuras. REC	1793,34
165/22190	Enerxía Eléctrica. REC	18430,93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601,35
221/16290	Seguros. REC	992,03
312/21290	Mantemento edificios. REC	328,71
312/22190	Enerxía Eléctrica. REC	6218,19
312/22790	Outros Servicios. REC	77,80
313/22790	Outros Servicios. REC	285,56
323/21290	Mantemento edificios. REC	5523,09
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	1543,96
323/22190	Enerxía Eléctrica. REC	4537,35
323/22790	Outros Servicios. REC	14689,74
334/22190	Enerxía Eléctrica. REC	823,16
334/22690	Outros gastos. REC	1200,00
341/21290	Mantemento edificios. REC	244,14
341/22690	Outros gastos. REC	3702,56
341/22790	Outros Servicios. REC	12400,66
342/22190	Enerxía Eléctrica. REC	17229,01
432/22690	Outros gastos. REC	144,00
432/22790	Outros Servicios. REC	2783,00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819,20
453/21090	Infraestructuras. REC	5202,59
453/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	672,52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782,62
453/22190	Enerxía Eléctrica. REC	5017,05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr. REC	18406,42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584,43
920/22190	Enerxía Eléctrica. REC	436,43

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
920/22290	Comunicacións. REC	41,41

Fene, a 9 de febreiro de 2015.

A interventora

Marta Roca Naveira"

Logo de ver o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, esta Alcaldía eleva ó Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordó:

1º.- Rectificar o erro material existente na proposta de acordó expediente de crédito extraordinario nº 02/2014 que foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 08/05/2014 de modo que ONDE DI:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528.30
155/21090	Infraestruturas. REC	2516.80
161/21090	Infraestruturas. REC	113.99
161/22190	Enerxía eléctrica. REC	23.22
162/21090	Infraestruturas. REC	216.83
162/22190	Enerxía eléctrica. REC	985.14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415.30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596.00
164/21090	Infraestruturas. REC	1478.23
165/21090	Infraestruturas. REC	315.11
165/22190	Enerxía eléctrica. REC	18430.93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601.35
221/16290	Seguros. REC	992.03
312/21290	Mantemento edificios. REC	328.71
312/22190	Enerxía eléctrica. REC	6218.19
312/22790	Outros Servicios. REC	77.80
323/21290	Mantemento edificios. REC	285.56
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	5523.09
323/22190	Enerxía eléctrica. REC	1543.96
323/22790	Outros Servicios. REC	4537.35
334/22190	Enerxía eléctrica. REC	14689.74
334/22690	Outros gastos. REC	823.16
341/21290	Mantemento edificios. REC	1200.00
341/22690	Outros gastos. REC	244.14
341/22790	Outros Servicios. REC	3702.56
342/22190	Enerxía eléctrica. REC	12400.66

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
432/22690	Outros gastos. REC	17229.01
432/22790	Outros Servicios. REC	144.00
341/22690	Outros gastos. REC	2783.00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819.20
453/21090	Infraestructura. REC	5202.59
453/21390	Maquinaria, Instalacións e outros. REC	672.52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782.62
453/22190	Enerxía eléctrica. REC	5017.05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr.. REC	18406.42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584.43
920/22190	Enerxía eléctrica. REC	436.43
920/22290	Comunicacións. REC	41.41

DEBE DICIR:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528,30
155/21090	Infraestructura REC	2516,80
161/21090	Infraestructura REC	113,99
161/22190	Enerxía Eléctrica. REC	23,22
162/21090	Infraestructura REC	216,83
162/22190	Enerxía Eléctrica. REC	985,14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415,30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596,00
165/21090	Infraestructuras. REC	1793,34
165/22190	Enerxía Eléctrica. REC	18430,93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601,35
221/16290	Seguros. REC	992,03
312/21290	Mantemento edificios. REC	328,71
312/22190	Enerxía Eléctrica. REC	6218,19
312/22790	Outros Servicios. REC	77,80
313/22790	Outros Servicios. REC	285,56
323/21290	Mantemento edificios. REC	5523,09
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	1543,96
323/22190	Enerxía Eléctrica. REC	4537,35
323/22790	Outros Servicios. REC	14689,74
334/22190	Enerxía Eléctrica. REC	823,16
334/22690	Outros gastos. REC	1200,00
341/21290	Mantemento edificios. REC	244,14
341/22690	Outros gastos. REC	3702,56
341/22790	Outros Servicios. REC	12400,66
342/22190	Enerxía Eléctrica. REC	17229,01
432/22690	Outros gastos. REC	144,00
432/22790	Outros Servicios. REC	2783,00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819,20
453/21090	Infraestructuras. REC	5202,59

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	672,52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782,62
453/22190	Enerxía Eléctrica. REC	5017,05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr. REC	18406,42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584,43
920/22190	Enerxía Eléctrica. REC	436,43
920/22290	Comunicacións. REC	41,41

Fene, a 09/03/2015.

O Alcalde

Gumersindo P. Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que se trata dun erro material que non afecta nin a resolución nin aos cartos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que anuncia a abstención do seu grupo, coma en anteriores asuntos de corrección de erros, ao entender que se trata dunha responsabilidade de goberno e reitera que as correccións evidencian, unha vez máis, a falta de atención do goberno municipal na tramitación dos expedientes.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG Juventino José Trigo Rey e a voceira do grupo mixto municipal María Carmen Martínez Rodríguez que anuncian a abstención dos seus grupos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Rectificar o erro material existente na proposta de acordo expediente de crédito extraordinario nº 02/2014 que foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de 08/05/2014 de modo que ONDE DI:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528.30
155/21090	Infraestructuras. REC	2516.80
161/21090	Infraestructuras. REC	113.99
161/22190	Enerxía eléctrica. REC	23.22
162/21090	Infraestructuras. REC	216.83
162/22190	Enerxía eléctrica. REC	985.14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415.30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596.00
164/21090	Infraestructuras. REC	1478.23
165/21090	Infraestructuras. REC	315.11
165/22190	Enerxía eléctrica. REC	18430.93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601.35
221/16290	Seguros. REC	992.03

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
312/21290	Mantemento edificios. REC	328.71
312/22190	Enerxía eléctrica. REC	6218.19
312/22790	Outros Servicios. REC	77.80
323/21290	Mantemento edificios. REC	285.56
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	5523.09
323/22190	Enerxía eléctrica. REC	1543.96
323/22790	Outros Servicios. REC	4537.35
334/22190	Enerxía eléctrica. REC	14689.74
334/22690	Outros gastos. REC	823.16
341/21290	Mantemento edificios. REC	1200.00
341/22690	Outros gastos. REC	244.14
341/22790	Outros Servicios. REC	3702.56
342/22190	Enerxía eléctrica. REC	12400.66
432/22690	Outros gastos. REC	17229.01
432/22790	Outros Servicios. REC	144.00
341/22690	Outros gastos. REC	2783.00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819.20
453/21090	Infraestructura. REC	5202.59
453/21390	Maquinaria, Instalacións e outros. REC	672.52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782.62
453/22190	Enerxía eléctrica. REC	5017.05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr.. REC	18406.42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584.43
920/22190	Enerxía eléctrica. REC	436.43
920/22290	Comunicacións. REC	41.41

DEBE DICIR:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528,30
155/21090	Infraestructura REC	2516,80
161/21090	Infraestructura REC	113,99
161/22190	Enerxía Eléctrica. REC	23,22
162/21090	Infraestructura REC	216,83
162/22190	Enerxía Eléctrica. REC	985,14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415,30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596,00
165/21090	Infraestructuras. REC	1793,34
165/22190	Enerxía Eléctrica. REC	18430,93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601,35
221/16290	Seguros. REC	992,03

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
312/21290	Mantemento edificios. REC	328,71
312/22190	Energía Eléctrica. REC	6218,19
312/22790	Outros Servicios. REC	77,80
313/22790	Outros Servicios. REC	285,56
323/21290	Mantemento edificios. REC	5523,09
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	1543,96
323/22190	Energía Eléctrica. REC	4537,35
323/22790	Outros Servicios. REC	14689,74
334/22190	Energía Eléctrica. REC	823,16
334/22690	Outros gastos. REC	1200,00
341/21290	Mantemento edificios. REC	244,14
341/22690	Outros gastos. REC	3702,56
341/22790	Outros Servicios. REC	12400,66
342/22190	Energía Eléctrica. REC	17229,01
432/22690	Outros gastos. REC	144,00
432/22790	Outros Servicios. REC	2783,00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819,20
453/21090	Infraestructuras. REC	5202,59
453/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	672,52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782,62
453/22190	Energía Eléctrica. REC	5017,05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr. REC	18406,42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584,43
920/22190	Energía Eléctrica. REC	436,43
920/22290	Comunicacións. REC	41,41

6. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía en relación coa nova proposta de delimitación do tramo a desafectar no tramo límite Neda-Fene ao límite Fene-Mugar dos

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras do 31.03.2015 por 3 votos a favor do grupo do PP e 3 abstencións (1 do grupo socialista, 1 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 16.03.2015, RE 2980/2015, recibíuse o escrito da Demarcación de Costas en Galicia co asunto: Informe sobre a solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene no tramo límite Neda-Fene ao límite Fene-Mugar dos.

O 23.09.2013, RS 3828/2013, o Concello solicitoulle á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar/Demarcación de Costas en Galicia a desafectación dos terreos obxecto das concesión outorgadas mediante Orden Ministerial de 20.11.1986 e 09.06.1983 e a súa posterior cesión gratuíta con destino a fins de uso e servizo público. Así mesmo, solicitoulle unha prórroga na concesión dos terreos obxecto das OOMM en tanto non se tramite a solicitude de desafectación anteriormente citada.

O 27.11.2013, RE 10566/2013, recibíuse o escrito da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar/Demarcación de Costas en Galicia en relación coa solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene no tramo límite Neda-Fene ao límite Fene-Mugar dos.

O 13.01.2014 o ECCP municipal, Lino Ameneiro Seijo, emitiu informe técnico-urbanístico.

O 06.02.2014 o Pleno do concello acordou remitirle á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar/Demarcación de Costas en Galicia o informe previo á declaración de innecesariedade aos efectos do art. 18 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, de costas.

O 18.03.2015, RE 2980/2015, recibíuse un novo escrito da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar/Demarcación de Costas en Galicia co asunto: Informe sobre a solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene no tramo límite Neda-Fene ao límite Fene-Mugardos, no que se propón unha nova delimitación do tramo a desafectar.

O 26.03.2015 o ECCP municipal, Lino Ameneiro Seijo, emitiu novo informe técnico-urbanístico complementario sobre as novas condicións (marzo de 2015) dos terreos de San Valentín incluídos na solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene na Ría de Ferrol.

En uso das atribucións conferidas pola normativa legal vixente, propóñolle ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1 Remitir á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, como informe previo á declaración de innecesariedade aos efectos do art. 18 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, de costas, o informe técnico-urbanístico complementario do ECCP municipal, Lino Ameneiro Seijo, sobre as novas condicións (marzo de 2015) dos terreos de San Valentín incluídos na solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene na Ría de Ferrol do 26.03.2015.
- 2 Certificar que o uso actual dos terreos obxecto da desafectación é:
 - Parque público con paseo marítimo
 - Equipamento educativo para CEIP A Xunqueira, área deportiva e xardín
 - Terreos de uso deportivo con pavillón municipal
 - Pista polideportiva aberta ao público
 - Beirarrúa e terrizo

Na área ocupada por estes terreos existe unha liña de alta tensión aérea e unha liña de media tensión subterránea.

O uso dos terreos é público e gratuíto, se ben determinados usos e servizos están sometidos as taxas reguladas na ordenanza fiscal núm. 2 reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas e culturais municipais e pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer (BOP núm. 137 do 15.06.2007).

- 3 Declarar o compromiso da Corporación Municipal de manter os usos públicos anteriormente citados de producirse a desafectación e a cesión gratuíta dos terreos ao concello.
- 4 Aceptar e tomar coñecemento da situación rexistral das parcelas afectadas pola desafectación para os efectos establecidos no apartado 2 do artigo 136 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Fene, 27 de marzo de 2014
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o alcalde que di que se trata dun expediente instruído en Costas para a desafectación de terreos na zona de San Valentín e entre o linde de Neda e a rotonda de entrada a San Valentín.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a proposta que fai Costas mellora a situación actual porque inclúe edificios importantes, pero exclúe outras zonas nas que se fan usos (coma as carpas que se instalan para as festas) que obrigan a seguir mantendo determinados trámites; tamén deixa fóra da proposta a zona verde do final do paseo de San Valentín, que é unha das aspiracións dos veciños para que acabe incorporándose a un uso veciñal.

Por todo isto, tendo unha opinión de conxunto favorable, o seu grupo vaise abster, por entender que esta proposta é mellorable nestas dúas cuestións que facilitarían moito o uso dos veciños desta zona.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que aclara que a Costas se lle insistiu respecto destas dúas zonas pero eles xustificaron a negativa como unha previsión ante o cambio climático.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG Juventino José Trigo Rey que di que se mellora en case 100 metros respecto do que había antes para facer cousas neste espazo sen depender de Costas. Pensa que a Alcaldía tivo unha falta de insistencia nas negociacións con Costas xa que en San Valentín, atendendo mesmo ao cambio climático, é todo chan e limítase bastante as actividades que se poden realizar. Pensa que ben se puido ter acadado cando menos os terreos que hai trala praia, que poderían ser moi útiles para o seu uso. Anuncia a abstención e remata dicindo que se trata, sen dúbida, dunha mellora.

De seguido a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, comparte o dito polo PSOE e polo BNG e que se podería ter acadado máis, xa que moitas das actuacións que se fan en San Valentín están supeditadas a autorización de Costas. Non obstante, coincide en que é unha mellora e, por iso, absterase.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

- 1 Remitir á Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, como informe previo á declaración de innecesariedade aos efectos do art. 18 da Lei 22/1998, de 28 de xullo, de costas, o informe técnico-urbanístico complementario do ECCP municipal, Lino Ameneiro Seijo, sobre as novas condicións (marzo de 2015) dos terreos de San Valentín incluídos na solicitude de desafectación presentada polo Concello de Fene na Ría de Ferrol do 26.03.2015.**
- 2 Certificar que o uso actual dos terreos obxecto da desafectación é:**
 - **Parque público con paseo marítimo**
 - **Equipamento educativo para CEIP A Xunqueira, área deportiva e xardín**
 - **Terreos de uso deportivo con pavillón municipal**
 - **Pista polideportiva aberta ao público**
 - **Beirarrúa e terrizo**

Na área ocupada por estes terreos existe unha liña de alta tensión aérea e unha liña de media tensión subterránea.

O uso dos terreos é público e gratuíto, se ben determinados usos e servizos están sometidos as taxas reguladas na ordenanza fiscal núm. 2 reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas e culturais municipais e pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer (BOP núm. 137 do 15.06.2007).

- 3 Declarar o compromiso da Corporación Municipal de manter os usos públicos anteriormente citados de producirse a desafectación e a cesión gratuíta dos terreos ao concello.**
- 4 Aceptar e tomar coñecemento da situación rexistral das parcelas afectadas pola desafectación para os efectos establecidos no apartado 2 do artigo 136 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.**

7. Aprobación, se procede, da Ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Persoal, Servizos e Medio Ambiente de 01.04.2015 por 3 votos a favor do grupo do PP e 3 abstencións (2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DE ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE FENE

O 14.06.2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A Lei 4/2013 entrou en vigor o 14.07.2013, un mes trala súa publicación.

A disposición final terceira e a disposición transitoria décima da dita Lei encomendan ós concellos, respectivamente, que adapten as súas ordenanzas ó novo marco xurídico e que revisen e aproben as tarifas aplicables ós servizos urbanos de taxi mediante aparatos de taxímetro.

A última ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene data de 1971. A dita ordenanza xa quedara superada polo Regulamento Nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros aprobado polo Real decreto 763/1979, polo que o pretendido agora é aprobar unha nova ordenanza axustada a normativa vixente e a derogación total da ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene de 1971.

O 10.02.2015 remitiuse unha proposta de localización de paradas e de tarifas ás seguintes asociacións de consumidores, asociacións de traballadores e asociacións do sector: unión provincial de auto-taxis da Coruña, UGT, CCOO, CIG, unión de consumidores de Galicia e asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña, concedéndolles un prazo de 15 días hábiles para que, de ser o caso, formularan alegacións ou presentaran os documentos e xustificacións que estimaran pertinentes.

O 14.02.2015 presentan alegacións a unión de consumidores de Galicia que poden resumirse do seguinte xeito,

- Oposición a inclusión na tarifa 2 dos servizos que se presten os días 24 e 31 de decembro por non tratarse de días festivos nos calendarios oficiais.
- Oposición a aplicación dun suplemento nos días de Nadal e fin de ano sobre a base de que xa se aplica a tarifa 2.
- Oposición a establecer unha baixada de bandeira cun percorrido mínimo por tratarse dunha cláusula abusiva ó cobrar servizos que non foron expresamente solicitados e que mesmo puideron non chegar a prestarse integramente. Que se inclúa non só a distancia incluída na baixada de bandeira senón tamén o tempo equivalente.
- Que se inclúa como excepcións no cobro de suplementos o transporte dun vulto por cada pasaxeiro e a equipaxe de man.

O 19.02.2015 presenta un escrito a unión provincial de auto-taxis da Coruña no que mostran a súa conformidade coa proposta de tarifas.

O 02.03.2015 presentan alegacións a asociación provincial de amas de casa, consumidores e usuarios da Coruña que poden resumirse do seguinte xeito,

- Oposición ó establecemento de tarifas sinalando que deben manterse as actuais.
- Oposición a establecer unha baixada de bandeira por ser contraria á Lei -artigo 1 da Lei 40/2002 reguladora do contrato de aparcamento de vehículos- e por querer cobrar unha cantidade mínima por un servizo con independencia de que o servizo se realice ou non.
- Oposición a que se utilice un suplemento pola ocupación do maleteiro.

En síntese, só realizan unha alegación nova en relación ás alegacións presentadas pola unión de consumidores de Galicia, a oposición ó establecemento de tarifas sinalando que deben manterse as actuais.

O 05.03.2015 remitíronselle as alegacións a asociación de taxis do Concello de Fene ós efectos da súa valoración como autores do estudo económico que deu xustificación ás ditas tarifas.

O 09.03.2015 presentan un escrito no que manifestan a súa oposición ás alegacións presentadas en base ás seguintes consideracións,

- En relación á inclusión na tarifa 2 dos servizos que se presten os días 24 e 31 de decembro e á aplicación dun suplemento nos días de Nadal e fin de ano sinalan que o suplemento é legal e necesario e oportuno considerando que se trata dun suplemento puntual nun horario puntual.
- En relación á baixada de bandeira sinalan: non resulta de aplicación o artigo 1 da Lei 40/2002 reguladora do contrato de aparcamento de vehículos. As tarifas dos servizos de autobús urbano tamén recollen unha percepción mínima. O centro español de metroloxía elaborou unha guía en relación ó uso do taxímetro onde se indica que de existir unha baixada de bandeira indicaranse os metros incluídos ou o tempo equivalente, pero non os dous datos. A baixada de bandeira non é unha cláusula abusiva estando xeneralizado o seu uso.
- En relación á aplicación dun suplemento polo uso do maleteiro sinalan que a equipaxe de man que viaxa dentro do vehículo non se cobra.
- En relación a que deben manterse as tarifas actuais sinalan que a proposta das tarifas non se trata dunha revisión dunhas xa existentes senón que se trata da súa aprobación inicial.

O 10.02.2015 remitiuse unha proposta de tarifas ó servizo de mobilidade da xefatura territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia concedéndolles un prazo de 15 días hábiles como trámite de audiencia para que, de ser o caso, formularan alegacións ou presentaran os documentos e xustificacións que estimaran pertinentes, de conformidade co artigo 40.4 -réxime económico- da Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia *"Las tarifas de aplicación a los servicios urbanos de taxi serán fijadas por los ayuntamientos o, en su caso, por las entidades competentes de las áreas territoriales de prestación conjunta, y las tarifas aplicables a los servicios interurbanos serán fijadas por la consejería competente en materia de transportes de la Xunta de Galicia.*

Para fijar las referidas tarifas será preceptivo dar audiencia, previa a su aprobación, al Consejo Gallego de Transportes, en orden a recabar las consideraciones que estime pertinentes. En todo caso, la aprobación de las tarifas está sujeta a la legislación vigente en materia de precios".

Non se presentou documento nin consideración ningunha por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Tendo en conta o analizado, a proposta que se quere someter a pleno realízase sen estimar ningunha das alegacións presentadas contra as tarifas propostas polos seguintes motivos:

- A fixación das tarifas realízase en base a un estudo económico presentado pola asociación de taxis do Concello de Fene sen que fora cuestionado en ningunha das alegacións presentadas.
- A fixación das tarifas é unha fixación nova sen que se trate de revisar unhas tarifas municipais preexistentes.
- Na prestación do servizo de taxi non resulta de aplicación o artigo 1 da Lei 40/2002 reguladora do contrato de aparcamento de vehículos.
- Na baixada de bandeira non é preciso indicar conxuntamente os metros e o tempo incluídos, basta con que se indique un deles como así se fai. A equivalencia determinase automaticamente.
- A baixada de bandeira non constitúe unha cláusula abusiva nos termos do Real Decreto Legislativo 1/2007 posto que a súa aplicación supón si ou si que se está a prestar o servizo de taxi sen que conste que exista algún pronunciamento xudicial que a cualifique como abusiva.
- A fixación de tarifas non está restrinxida podendo aplicarse unha única tarifa ou distintas tarifas segundo o día ou a franxa horaria da prestación do servizo. Neste caso, propóñense dúas tarifas sen que unha delas deba vincularse exclusivamente a días festivos.
- A aplicación de suplementos tampouco se atopa restrinxida pola normativa vixente. No caso dos días de Nadal e fin de ano establécese un suplemento sobre a aplicación da tarifa 2 sen que iso sexa irregular pois o mesmo resultado sería no caso de que se decidira aplicar a eses días unha terceira tarifa como equivalente á aplicación da tarifa 2 e ó suplemento propostos. No caso do suplemento relativo ó maleteiro refírese a equipaxe que polo seu peso ou a súa configuración ten que aloxarse no dito compartimento e non se refire a equipaxes ou bolsas de man. O suplemento xustifícase na necesaria intervención do condutor no aloxamento do equipaxe no maleteiro.

Polo anterior, propónse ao Pleno, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene nos seguintes termos,

“ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE FENE

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. A presente ordenanza regula o transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo por medio de taxi que se desenvolve no Concello de Fene segundo o establecido na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia, en virtude da potestade regulamentaria recoñecida polo art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

2. Considérase taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo habilitados que contan con signos distintivos de taxi, e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

3. Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia e demais normativa de aplicación.

ARTIGO 2. TITULOS HABILITANTES

1. A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer a dita actividade.

2. A concesión das licenzas de taxi para exercer o servizo de transporte urbano de viaxeiros no Concello de Fene e para adscribir vehículos a estas licenzas é unha competencia municipal.

A concesión das autorizacións interurbanas de taxi é unha competencia da consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

É preciso dispoñer de ámbolos dous títulos -licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi- para a realización da actividade de taxi.

3. Ningunha persoa poderá ser titular de máis dunha licenza de taxi do Concello de Fene.

I. DAS LICENZAS DE TAXI

ARTIGO 3. NÚMERO MÁXIMO DE LICENZAS DE TAXI E OUTORGAMENTO DE NOVAS LICENZAS DE TAXI

1. Conforme á poboación do noso concello, o número máximo de licenzas de taxi é de 12. O número máximo establécese sen prexuízo das licenzas de taxi actualmente preexistentes e da posibilidade de que o concello estableza un número máximo de licenzas distinto, de conformidade co artigo 7 da Lei 4/2013.

2. O outorgamento de novas licenzas de taxi determinarase pola necesidade e conveniencia do servizo, atendendo á oferta e á demanda existente no Concello de Fene e á calidade do servizo.

So se poderán outorgar novas licenzas de taxi cando exista dispoñibilidade no número máximo de licenzas de taxi.

As novas licencias de taxi serán outorgadas polo Concello de Fene mediante concurso público ó cal poderán presentarse as persoas físicas que cumpran os requisitos para ser titulares de licencias de taxi, requisitos recollidos no artigo 5 da Lei 4/2013.

No concurso público non poderá ofertarse máis dun dez por cento do número total de licenzas de taxi existentes no concello. Entre a resolución dun concurso e a convocatoria do seguinte terá que transcorrer polo menos un ano.

Na convocatoria do concurso faranse constar os criterios de adxudicación, entre os que se valorará a

antigüidade como condutor/a de taxi. Tamén serán obxecto de valoración a previa dedicación á profesión de taxista e que o vehículo de turismo que se pretenda adscribir á licenza de taxi sexa adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo que se estableza na convocatoria.

ARTIGO 4. VIXENCIA

As licenzas de taxi outorgaranse sen prazo de duración prefixado, aínda que a súa validez quedará condicionada ó cumprimento das condicións e requisitos esixidos para o seu outorgamento así como ó seu visado periódico de conformidade co artigo 18 da Lei 4/2013.

ARTIGO 5. SUSPENSIÓN

1. As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos:

- Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.
- De oficio, no caso de transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria careza dos requisitos esixidos para ser titular.

Non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorra un período de dous anos contados desde a data de finalización do anterior período de suspensión, agás causas de forza maior debidamente acreditadas.

As solicitudes de suspensión entenderanse estimadas se no prazo de tres meses o concello non ditase e notificase resolución expresa, agás que se incumprise a limitación establecida no punto anterior.

2. Transcorrido un mes desde a finalización da suspensión sen que se reiniciase de modo efectivo a prestación do servizo, incorrerase na causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

ARTIGO 6. EXTINCIÓN

As licenzas de taxi extinguíranse por algunha das seguintes causas:

- Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen herdeiros
- Caducidade
- Revogación

As causas de extinción regúlanse no artigo 12 da Lei 4/2013 e precisaran da instrución do procedemento que determine a normativa aplicable concedendo, en todo caso, audiencia á persoa interesada.

O Concello de Fene poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención das licenzas e a debida explotación, previa solicitude ás persoas titulares da documentación que xulgue pertinente.

ARTIGO 7. TRANSMISIÓN

A transmisión das licenzas de taxi rexeráse polo establecido non artigo 17 da Lei 4/2013.

ARTIGO 8. LICENZAS DE TAXI PREEXISTENTES

Todas as licenzas de taxi existentes no Concello de Fene conservan a súa validez aínda que superan, en conxunto, o número máximo de 12 licenzas de taxi no Concello de Fene a que se facía referencia no artigo 3. A conservación desta validez faise sen prexuízo dos supostos de caducidade previstos na DT 4ª da Lei 4/2013.

ARTIGO 9. REXISTRO DE LICENZAS DE TAXI

1. O Concello de Fene disporá dun rexistro público de licenzas de taxi no cal figuren a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións, o vehículo e os condutores ou condutoras asalariados adscritos ós títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.
2. O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustaranse á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e mais dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a elas, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.
3. As comunicacións ou as anotacións no Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia serán efectuadas por medios telemáticos.

II. DOS VEHÍCULOS ADSCRITOS Ó SERVIZO DE TAXI

ARTIGO 10. CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

1. Os vehículos dedicados á actividade de taxi haberán de estar clasificados como turismo, debendo cumprir, ademais, os requisitos que determine a normativa en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ó servizo ó que estean adscritos.

O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza.

2. Os vehículos deben estar equipados cun aparello taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, a fin de determinar o prezo de cada servizo. Os taxímetros haberán de incorporar impresora de factura.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira dos vehículos, a fin de permitir a súa visualización polas persoas usuarias, tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento.

3. Os vehículos deben estar equipados cun módulo luminoso exterior que sinala claramente, de acordo coa normativa técnica de aplicación, tanto a dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo como a tarifa que resulte de aplicación.

4. Os vehículos deben ter unha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora. Contarán con 4 portas de fácil acceso e funcionamento que faciliten a manobra con suavidade. En todo caso, contarán cun espazo dedicado a maleteiro, totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado ó pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe do mesmo.

5. Os vehículos poderán ir provistos dunha prancha móbil de separación entre o condutor e os usuarios, das características para o efecto establecidas e homologadas polas autoridades competentes. Cando se instale esta prancha móbil de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, ampliable a catro cando o condutor do vehículo autorice a utilización do asento contiguo ó seu.

6. Os vehículos deben ter de maneira visible nas dúas portas dianteiras o escudo do Concello de Fene e o número de licenza de taxi ó que se encontre afecto, así como unha placa co dito número no interior do vehículo.

7. Os vehículos que se adscriban a novas licenzas outorgadas ou os novos vehículos que, a partir da entrada en vigor desta ordenanza, se adscriban a licenzas preexistentes deberán ser de cor branca.

8. O Concello de Fene será o competente para autorizar a colocación de anuncios publicitarios no exterior dos vehículos.

A publicidade deberá cumprir a lexislación vixente en materia de publicidade, tráfico e seguridade viaria, deberá permitir que os vehículos conserven a súa estética, non impliquen a perda de visibilidade nin xeren perigo e respecten os requisitos de imaxe unificada dos taxis que poida establecer a Xunta de Galicia. Queda prohibida toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

A solicitude de licenza virá acompañada da documentación necesaria na que se precise o lugar de colocación da publicidade, formato, dimensións, contido, modo de colocación, material empregado e demais circunstancias que se consideren necesarias para outorgar a autorización.

A publicidade exterior dos taxis deberá ir situada nas portas laterais traseiras. Haberán de empregarse materiais que non danen a pintura do vehículo e sexan susceptible de ser retirados ou substituídos con facilidade e rapidez. Haberán de ter a necesaria resistencia fronte á degradación pola acción do sol e os axentes atmosféricos, presentando a debida capacidade fronte ós cambios de temperatura.

9. Os vehículos irán provistos sempre da seguinte documentación:

- Licenza municipal e autorización interurbana de taxi.
- Carné de conducir esixido pola lexislación vixente.
- Permiso de circulación do vehículo.
- Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo.
- Seguros esixibles legalmente.
- Follas de reclamacións.
- Cadro de tarifas oficiais.
- Contrato de transporte, no seu caso, conforme ó sinalado no artigo 13.5.

10. A cada licenza de taxi so se poderá adscribir un vehículo concreto.

Os vehículos poderán ser substituídos, previa autorización do Concello de Fene, sempre que o vehículo que substitúa ó anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

ARTIGO 11. TAXIS ADAPTADOS

De conformidade co RD 1544/2007 polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, é obrigado contar no Concello de Fene cun taxi adaptado para transportar a persoas usuarias con discapacidade.

De non alcanzarse de forma voluntaria entre os titulares de licenzas de taxi preexistentes a porcentaxe de taxis adaptados establecido polo Real decreto 1544/2007, o Concello de Fene poderá optar entre esixir á persoa titular da última licenza de taxi outorgada que preste o servizo mediante taxi adaptado ou ben crear unha nova licenza de taxi adscrita indefinidamente a taxi adaptado, sen a limitación á que se fixo referencia no artigo 3.

Non obstante, calquera titular dunha licenza de taxi do Concello de Fene poderá adscribir á mesma un vehículo adaptado.

Os taxis adaptados darán servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida, pero non terán ese uso exclusivo.

III. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 12. DEDICACIÓN Ó SERVIZO

1. A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e haberá de prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar a persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquela, que deberán figurar a xornada completa e con dedicación exclusiva.

Non obstante, a plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e a prestación persoal da persoa titular da licenza de taxi solo resultará de aplicación respecto dos títulos habilitantes outorgados ou que se outorguen con posterioridade ó 14.07.2013 así como a aqueles outros transmitidos ou que se transmitan desde o dito momento, inter vivos ou mortis causa, salvo no caso da primeira transmisión de títulos habilitantes mortis causa que tampouco resultarán de aplicación ás citadas esixencias.

2. Os condutores/as deberán posuír o correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente e dispoñer da correspondente capacitación profesional que a normativa estableza.

3. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas a máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular. A relación entre as persoas condutoras asalariadas e os titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.

O titular da licenza de taxi deberá comunicar ó Concello de Fene os datos do condutor/a asalariado adscrito/a á dita licenza para o seu rexistro. A comunicación deberá ser realizada con carácter previo a que o condutor asalariado comece a prestar os seus servizos.

A persoa titular da licenza de taxi, sempre que fose requirido, haberá de xustificar ante o Concello de Fene o cumprimento das prescricións legais en materia laboral e de seguridade social relativas ás persoas asalariadas.

ARTIGO 13. PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria:

- Nas paradas establecidas.
- Mediante a súa chamada na vía pública.
- Por medios telemáticos.
- Mediante a súa reserva previa.
- Por outros modos que estableza a normativa.

2. As paradas son os lugares onde os taxis poden estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiros, facilitando no seu emprazamento o acceso a persoas con mobilidade reducida. As paradas encóntranse fixadas no anexo I, sen prexuízo da fixación no futuro e conforme á normativa vixente de novas ou distintas paradas para a adecuada prestación do servizo.

Para a prestación do servizo os vehículos situaranse por orde de chegada nas paradas de estacionamento.

Cando os/as usuarios/as acudan a parada para solicitar o servizo deberán dirixirse ó vehículo situado en primeiro lugar respectando a orde de chegada.

3. As persoas usuarias poderán concertar o servizo de taxi na vía pública mediante o aviso de detención do taxi libre de servizo, que virá obrigado a atender a dita solicitude a condición de que non se vulneren as disposicións sobre tráfico e seguridade vial ou afectase gravemente á fluidez do tráfico.

Non poderá utilizarse este modo de concertación -aviso de detención na vía pública do taxi libre de servizo- se a persoa peticionaria do servizo estivese nas proximidades dunha parada onde houberse taxis ou outras persoas usuarias en espera do servizo (150 m), salvo para persoas de mobilidade reducida cando solicitasen un taxi adaptado.

4. A normativa establecerá os requisitos e condicións de contratación do servizo de taxi mediante medios telemáticos, así como as condicións para determinar o momento e lugar no que haberá de poñerse en funcionamento o taxímetro.

En tanto non se produza tal desenvolvemento regulamentario, os servizos contratados por mediación de centrais de radiotaxi ou sistemas tecnolóxicos equivalentes consideraranse iniciados no lugar e momento no que o vehículo recibise o encargo de prestar o servizo. Deben coincidir os municipios en

que se atopa residenciada a licenza de taxi, se recibe o encargo e se localizan os puntos de recolleita ou destino dos viaxeiros. En todo caso, o importe máximo do taxímetro no momento da recolleita efectiva da persoa usuaria non poderá superar o importe correspondente ó mínimo establecido para o inicio do servizo.

5. Os servizos de taxi poderán ser obxecto de concertación ou reserva previa entre o titular da actividade e o cliente, ben directamente ben mediante a utilización de centrais de reserva.

Nestes supostos, salvo indicación expresa efectuada no momento da referida concertación, o taxista ou a central de reservas, segundo o caso, asumirán a responsabilidade de prestación efectiva do servizo ante o cliente.

Mediante a súa concertación previa, poderá contemplarse que o acceso das persoas usuarias ó vehículo se efectúe en distinto termo municipal a aquel no que estea domiciliada a licenza de taxi, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que o contrato se documente por escrito con cada usuario do servizo ou cun mandato verbal seu, debendo neste último caso deixarse constancia escrita da existencia do mandato antes do inicio do transporte.
- Que o servizo concertado tivese por destino efectivo o concello no que está domiciliada a licenza de taxi ou se tratase dun servizo de taxi para persoas usuarias de mobilidade reducida e en cadeira de rodas, a condición de que nos municipios de orixe e destino non existisen vehículos de taxi adaptados de conformidade co establecido na lexislación vixente.

Nos dous casos sinalados, o contrato de transporte haberá de levarse nun lugar visible do vehículo durante o servizo, estando a disposición da inspección de transportes en calquera momento da prestación do servizo.

6. Os condutores que, estando libre o vehículo, fosen requiridos para prestar servizo na forma establecida, non poderán negarse ó mesmo, excepto por causa xustificada.

Terán a consideración de causa xusta as seguintes:

- Ser solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos viaxeiros estea en estado de manifesta embriaguez, ou intoxicación por estupefacientes, excepto nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando as equipaxes ou vultos non entren no maletreiro ou porta equipaxes.
- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade

Non poderá negarse a prestación do servizo a persoas con discapacidade polo feito de ir acompañados de can guía ou en cadeira de rodas.

7. A prestación do servizo de taxi no Concello de Fene debe estar garantida as 24 horas do día polo que os titulares das licenzas de taxi deberán organizarse co propósito de cumprir a dita obriga.

En calquera caso, a autoridade municipal poderá establecer as medidas de organización e control que considere necesarias, atendendo as necesidades públicas, para o perfeccionamento do servizo.

8. Os condutores deberán coidar a súa indumentaria en perfecto estado de limpeza e o seu aseo persoal será correcto. Na súa relación co público, gardarán a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

Os condutores deberán seguir en cada servizo o itinerario máis corto, excepto indicacións en contra do viaxeiro, axustándose en todo momento ás normas e sinais de circulación e ás indicacións dos seus axentes.

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os dereitos e deberes regulados nos artigos 42 e 43 da Lei 4/2013.

ARTIGO 14. TARIFAS

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

2. As tarifas de aplicación ós servizos de taxi no termo municipal de Fene son as fixadas no anexo II.

As tarifas aplicables ós servizos interurbanos de taxi serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

3. As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias.

As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos.

Os condutores dos vehículos están obrigados a proporcionar ó usuario cambios de moeda metálica ou billetes ata a cantidade de 50 euros.

IV. DO RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 15. INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Seguirase o regulado no título IV da Lei 4/2013, artigos 56 ó 66.

As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderalle á policía local do concello.

A competencia para a imposición de sancións respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderalle ó alcalde do concello.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó que establece esta ordenanza e, en particular, a ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene de 1971.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Non obstante, a aplicación do anexo II require da obtención da autorización pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia conforme ó artigo 16.4 e ó anexo II do Real decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica. Concedida a dita autorización darase conta da mesma mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I - LOCALIZACIÓN DE PARADAS

Avenida de Conces núm. 1 (Fene)
Rúa Cañotas con Avda. Marqués de Figueroa (Perlío)

ANEXO II - TARIFAS

TARIFA URBANA	TARIFA 1		TARIFA 2	
	SEN IVE	CON IVE	SEN IVE	CON IVE
Baixada de bandeira *	3,27	3,60	3,91	4,30
Kilómetro percorrido	0,91	1,00	1,09	1,20
Hora de espera	13,64	15,00	18,18	20,00
SUPLEMENTOS	TARIFA 1 E 2			
	SEN IVE		CON IVE	
Maleteiro **	0,55		0,60	
Animais ***	0,91		1,00	
Nadal e fin de ano	2,73		3,00	

Tarifa 1: Aplicable os días laborables de 06:00 h ás 22:00 h

Tarifa 2: Aplicable os días laborables de 22:00 h ás 06:00 h, os sábados de 15:00 h ás 24:00 h, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro.

* Establécese unha percepción mínima, o taxímetro comezará a computar ó percorrer 1.700 metros ou tempo equivalente.

** Excepto cadeiras de minusválidos e de nenos

*** Cans e gatos, excepto cans guía”.

SEGUNDO.- Someter o acordo de aprobación provisional da ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene a información pública, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e a audiencia dos interesados durante un prazo de trinta días para a presentación das reclamacións e suxestións que se estimen pertinentes.

No caso de que no prazo sinalado non se presentara ningunha reclamación nin suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación provisional.

TERCEIRO.- Aprobada definitivamente a presente ordenanza deberá ser remitido o anexo II das tarifas a aplicar nos servizos de taxi no termo municipal de Fene á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para que conceda a autorización da súa aplicación conforme ó artigo 16.4 e anexo II do Real Decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

Fene a 27 de marzo de 2015

O alcalde

Gumersindo P. Galego Feal”

Abre o debate o alcalde que di que esta actividade non estaba regulada por ordenanza. Agora regúlanse as tarifas, que foron negociadas coa Asociación de taxistas e tamén a obriga de que todos os taxis de Fene teñan que ter instalado un taxímetro antes de xuño, autorizacións que xa foron cursadas. Esta ordenanza vén ao Pleno logo da negociación coa directiva da Asociación de taxistas de Fene.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu partido valora moi positivamente que se tivera negociado cos xestores deste servizo e pensa que tamén estaría ben que se negociase coa asociación dos usuarios do servizo. Di que se alegra de que a ordenanza veña ao Pleno, pero logo de ver as alegacións, hai algunhas cuestións que lle chaman a atención: así, a baixada de bandeira dos días festivos pasa de 3,60 euros a 4,30 euros por facer 1,700 km, sen equivalencia de tempo, o que lle parece que deixa desprotexidos aos usuarios. É certo que a lexislación establece que se regulamente por distancia ou tempo pero pensa que redundará en beneficio dos usuarios a claridade dos servizos que se lles

prestan, por iso agora que se regulamentan estas tarifas, lamenta que non se atendesen as reclamacións dos consumidores e amas de casa.

Por outra banda, as dúas asociacións de consumidores fixeron referencia aos prezos que se establecen segundo o estudo económico que fixo a Asociación de Taxis, pero entende que tamén os usuarios debían ser atendidos en algo e o mellor camiño sería atopar un punto de encontro entre as dúas partes. Neste caso non houbo aproximación entre as partes porque entende que tampouco houbo vontade de sentarse con eles para que tratasen de aproximar as súas posturas, sinxelamente só se atendeu a unha das partes. Por iso, o seu partido é difícil que poida votar a favor deste documento.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que levan 4 anos insistindo en que se actualicen as ordenanzas e por iso alégrase que se traia esta proposta. Non obstante, tamén lle gustaría que o equipo de goberno os tivera feito partícipes desta ordenanza para poder expresar cales son as súas opinións cara a tentar melloralas. Este expediente o coñeceron nunha Comisión o mércores pasado e hoxe vén ao Pleno e só por esta premisa non poden votar a favor, porque non dá tempo material ao seu estudo.

Engade que esta falta de transparencia e información por parte do equipo de goberno é o que non lles gusta, así como que hai cousas da ordenanza que non entende, como a adicación exclusiva ao servizo que se regula para o titular da licenza de taxi e os seus asalariados.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que iso non é máis que o que a lei di.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que igual que isto tamén hai outras cousas que lles gustaría debater e se isto é así, pensa que mesmo pode ser inconstitucional porque non se axusta á legalidade.

Rógalle ao goberno que para outras ordenanzas sexan informados antes para poder expresar a súa opinión, xa que deste xeito o único que lles queda é poder facer alegacións no trámite de información pública, aínda que pensa que ese é o momento para que aleguen os demais interesados e non os membros da Corporación. Non obstante, para non prexudicar aos usuarios desta ordenanza o seu voto vai ser a abstención.

De seguido a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que é unha mágoa que non se lles informase antes e que se aproveitasen do coñecemento da taxista que hai na Corporación e que lles puido ter informado de todas as dúbidas que ten. Entende que os custes de persoal e do vehículo estarán ben calculados e coincide co dito polo voceiro do grupo municipal socialista en relación a que os usuarios do taxi tamén debían ser escoitados, do mesmo xeito que o foron os taxistas.

Anuncia a súa abstención para non prexudicar aos taxistas inda que hai cousas que ve revisables como cobrar por usar o maletreiro do taxi, establecer diferenzas por usar o taxi o día de Noite Boa ou outro calquera, así como que se podía mirar unha redución do tipo de IVE que soportan as tarifas.

Seguidamente intervén o alcalde que di que se falou de arbitrariedade, pero a ordenanza está baseada nun estudo económico. Deuse traslado, consonte á lei, a todas as asociacións e sociedades que se citan e só a Asociación de Amas de Casa da Coruña dixo que a baixada de bandeira de Fene é cara, habería que ver canto é a baixada de bandeira da Coruña. Non obstante, fixéronse todos os trámites que esixe a lei e estas tarifas foron contrastadas con outros concellos da mesma poboación: Betanzos, Sada, Bergondo e demais.

A concelleira Juana Barro Couto engade que actualmente a baixada de bandeira está en 4,00 euros e o que partía de 5,00 euros agora vai pasar a 3,60 euros.

O alcalde prosegue a dicir que antes non estaba regulamentado, nin se cobraba a través dun taxímetro, facíase a ollo. Respecto do dito de que non houbo tempo para estudar a ordenanza di que só difire do que di a lei no que é o tema das tarifas, nos demais temas, sancións e persoal, é o que di a lei, e como toda lei, está suxeita a interpretacións, así as leis laborais regulamentan os contratos como o fan e porque unha ordenanza municipal diga isto non se lle vai negar a ninguén a posibilidade de facer un contrato a tempo parcial porque así o permite a lexislación, só é unha cuestión de interpretación.

Respecto do dito de que non houbo máis tempo para poder consultar o expediente di a ordenanza foi á comisión informativa correspondente e o luns houbo unha Xunta de Voceiros e hoxe é o Pleno, ademais de que a ordenanza é de tres follas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que todos os argumentos teñen cabida pero non lle parece ben tratar de desprestixiar a opinión dalgunhas asociacións. A Asociación de Amas de Casa da Coruña é unha organización que ten unha estrutura provincial, con organizacións en todo o territorio e é de supor que á hora de tomar unha decisión consultarán ás súas organizacións, por iso, parécelle moito supor que non se tivera consultado a realidade de Fene por parte das amas de casa e cualifica a súa opinión dun tanto lixeira, cando menos.

A Asociación de Amas de Casa informa sobre temas de consumo porque hai uns anos se fusionaron as dúas organizacións de consumidores con máis representación no territorio nacional: Amas de Casa e a Organización de Consumidores; disto naceu a Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios, por iso non se pode dicir que é unha asociación que opina dende A Coruña.

Engade que lle consta que esta organización ten feito un grande traballo e que non foi a única asociación que opinou, xa que tamén opinou a Asociación de Consumidores de Galicia.

É certo que hai unha Comisión que se convoca coa marxe que se convoca, pero é certo que cando se queren traer propostas consensuadas non hai ningún problema en traballar nelas. Con todo non semella que esta ordenanza sexa un paso atrás, parécelle un paso adiante pero falando só cunha parte e con cousas que non deixan de ser peculiares; o mellor sistema cando hai dúas partes é que as dúas dialoguen para chegar a un punto en común no que seguramente haberá máis xustiza.

Reitera que a baixada de bandeira pode fixarse por cartos ou tempo equivalente e este non se fixa, xa que non é o mesmo o tempo equivalente a unha velocidade ou a outra; os usuarios debían saber polo que están pagando.

Non cuestiona o estudo económico, pero o día de Nadal ou de Ano Vello subir a un taxi vai custar 7,30 euros, o que lle parece excesivo; nesta cuestión sería convinte ter un diálogo para chegar a algo máis razoable.

En todo caso, anuncia que o seu grupo se vai abster e di que cando non interesa non se facilita o diálogo, non só entre os grupos da oposición, tampouco entre a xente que ten que falar para consensuar as propostas que hai enriba da mesa.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que todo isto non é certo porque o expediente está aí para poder ver que se lles comunicou a todas as partes que a lei sinala; non lle pode dicir que non houbo diálogo, xa que entón o expediente sería nulo.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que é certo en sentido figurado que a ordenanza son tres follas, pero se se entra a isto tamén é certo que a Lei 4/2013 entrou en vigor o 14.07.2013 e vostedes tardaron dous anos en facer a ordenanza. Hai cousas mellorables.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que nunca dixo iso. Dixo que era interpretable, e que a contratación dunha persoa para conducir o taxi ten que estar ao que din as leis laborais; por riba desta ordenanza están as leis laborais.

Prosegue a dicir o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que hai moitas cousas a falar, pregunta por que teñen que ter exclusividade unha persoa e outra non, contestando o alcalde que isto foi revisado polos técnicos municipais.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, dille que xa está ben de utilizar aos técnicos municipais porque estes, na maioría dos casos, teñen unha dirección política e cando aos políticos lles interesa aprobar algo dun determinado xeito preguntanlles aos técnicos se isto ou aquilo é posible, ou sexa, que é interpretable. Noutras ocasións o Pleno tamén fai cousas que non se corresponden co que marca a lei.

O alcalde preguntalle ao voceiro do grupo municipal do BNG se a ordenanza está en contra da lei, contestando o Sr. Trigo que o que di é que hai cousas que son mellorables que se poderían ter corrixido e, por non falalo antes, o BNG non puido dar a súa opinión.

De seguido a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que se puideron ter cousas faladas antes de ir á Comisión, inda que non quere que se faga unha mala interpretación, xa que non está a dicir que as tarifas sexan caras ou non.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que a falta de información que se di non a ve por ningún lado, pero que o entende porque el tamén o dicía nos catro anos que estivo na oposición.

A continuación fai uso da palabra a concelleira Juana Barro Couto que di que quere aclarar que a ordenanza baséase na lei de xullo de 2013 que obriga aos taxis dos concellos de máis de 10.000 habitantes a instalar un taxímetro antes do 15 de xullo.

A Asociación de Taxis da Coruña fixo un estudo económico. Agora mesmo en Fene cóbrase 4,00 euros de mínimo por cada carreira e en Fene, San Valentín ou no ambulatorio son 5,00 euros. Coa nova tarifa vaise pasar a cobrar 3,60 euros, os taxistas van perder porque o núcleo urbano de Fene é moi pequeno e cando pasen do 1,700 km xa case que están en Ferrol, estarase en Caranza. As viaxes ao Hospital Xeral estanse cobrando a 7,00 euros e agora pasaranse a cobrar 5,00 ou 5,30 euros.

Respecto da tarificación por tempo trátase de algo máis de 400 segundos e, polo tanto, a velocidade si que inflúe, por iso a distancia é algo fixo para todas as situacións e o cliente sabe o que vai pagar. Respecto dos días como Noite Boa, Nadal ou Aninovo di que antes se cobraba como se quería e agora pasa a estar regulamentado, igual ca o das maletas que a ordenanza o regula, aínda que os taxistas non o están a cobrar nunca.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, para queixarse de que o alcalde repetiu moitas veces que os concelleiros están aquí como concelleiros e non polas súas profesións, por iso o normal é que defenda esta ordenanza a concellería correspondente.

O alcalde contéstalle que ten toda a razón.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene nos seguintes termos,

“ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE FENE

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. A presente ordenanza regula o transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo por medio de taxi que se desenvolve no Concello de Fene segundo o establecido na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia, en virtude da potestade regulamentaria recoñecida polo art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

2. Considérase taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo habilitados que contan con signos distintivos de taxi, e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

3. Para o non previsto nesta ordenanza estarase ó disposto na Lei 4/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia e demais normativa de aplicación.

ARTIGO 2. TITULOS HABILITANTES

1. A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten ós seus titulares para exercer a dita actividade.

2. A concesión das licenzas de taxi para exercer o servizo de transporte urbano de viaxeiros no Concello de Fene e para adscribir vehículos a estas licenzas é unha competencia municipal.

A concesión das autorizacións interurbanas de taxi é unha competencia da consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

É preciso dispoñer de ámbolos dous títulos -licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi- para a realización da actividade de taxi.

3. Ningunha persoa poderá ser titular de máis dunha licenza de taxi do Concello de Fene.

I. DAS LICENZAS DE TAXI

ARTIGO 3. NÚMERO MÁXIMO DE LICENZAS DE TAXI E OUTORGAMENTO DE NOVAS LICENZAS DE TAXI

1. Conforme á poboación do noso concello, o número máximo de licenzas de taxi é de 12. O número máximo establécese sen prexuízo das licenzas de taxi actualmente preexistentes e da posibilidade de que o concello estableza un número máximo de licenzas distinto, de conformidade co artigo 7 da Lei 4/2013.

2. O outorgamento de novas licenzas de taxi determinarase pola necesidade e conveniencia do servizo, atendendo á oferta e á demanda existente no Concello de Fene e á calidade do servizo.

So se poderán outorgar novas licenzas de taxi cando exista dispoñibilidade no número máximo de licenzas de taxi.

As novas licencias de taxi serán outorgadas polo Concello de Fene mediante concurso público ó cal poderán presentarse as persoas físicas que cumpran os requisitos para ser titulares de licencias de taxi, requisitos recollidos no artigo 5 da Lei 4/2013.

No concurso público non poderá ofertarse máis dun dez por cento do número total de licenzas de taxi existentes no concello. Entre a resolución dun concurso e a convocatoria do seguinte terá que transcorrer polo menos un ano.

Na convocatoria do concurso faranse constar os criterios de adjudicación, entre os que se valorará a antigüidade como condutor/a de taxi. Tamén serán obxecto de valoración a previa dedicación á profesión de taxista e que o vehículo de turismo que se pretenda adscribir á licenza de taxi sexa adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo que se estableza na convocatoria.

ARTIGO 4. VIXENCIA

As licenzas de taxi outorgaranse sen prazo de duración prefixado, aínda que a súa validez quedará condicionada ó cumprimento das condicións e requisitos esixidos para o seu outorgamento así como ó seu visado periódico de conformidade co artigo 18 da Lei 4/2013.

ARTIGO 5. SUSPENSIÓN

1. As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos:

- Por solicitude da persoa titular, cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.**
- De oficio, no caso de transmisións forzosas, cando a persoa adjudicataria careza dos requisitos esixidos para ser titular.**

Non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorra un período de dous anos contados desde a data de finalización do anterior período de suspensión, agás causas de forza maior debidamente acreditadas.

As solicitudes de suspensión entenderanse estimadas se no prazo de tres meses o concello non ditase e notificase resolución expresa, agás que se incumprise a limitación establecida no punto anterior.

2. Transcorrido un mes desde a finalización da suspensión sen que se reiniciase de modo efectivo a prestación do servizo, incorrerase na causa determinante da caducidade da licenza de taxi.

ARTIGO 6. EXTINCIÓN

As licenzas de taxi extinguíranse por algunha das seguintes causas:

- Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen herdeiros
- Caducidade
- Revogación

As causas de extinción regúlanse no artigo 12 da Lei 4/2013 e precisaran da instrución do procedemento que determine a normativa aplicable concedendo, en todo caso, audiencia á persoa interesada.

O Concello de Fene poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención das licenzas e a debida explotación, previa solicitude ás persoas titulares da documentación que xulgue pertinente.

ARTIGO 7. TRANSMISIÓN

A transmisión das licenzas de taxi rexeráse polo establecido non artigo 17 da Lei 4/2013.

ARTIGO 8. LICENZAS DE TAXI PREEXISTENTES

Todas as licenzas de taxi existentes no Concello de Fene conservan a súa validez aínda que superan, en conxunto, o número máximo de 12 licenzas de taxi no Concello de Fene a que se facía referencia no artigo 3. A conservación desta validez faise sen prexuízo dos supostos de caducidade previstos na DT 4ª da Lei 4/2013.

ARTIGO 9. REXISTRO DE LICENZAS DE TAXI

1. O Concello de Fene disporá dun rexistro público de licenzas de taxi no cal figuren a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións, o vehículo e os condutores ou condutoras asalariados adscritos ós títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.

2. O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustaranse á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e mais dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a elas, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.

3. As comunicacións ou as anotacións no Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia serán efectuadas por medios telemáticos.

II. DOS VEHÍCULOS ADSCRITOS Ó SERVIZO DE TAXI

ARTIGO 10. CARACTERÍSTICAS DOS VEHÍCULOS

1. Os vehículos dedicados á actividade de taxi haberán de estar clasificados como turismo, debendo cumprir, ademais, os requisitos que determine a normativa en canto ás súas

condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ó servizo ó que estean adscritos.

O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza.

2. Os vehículos deben estar equipados cun aparello taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, a fin de determinar o prezo de cada servizo. Os taxímetros haberán de incorporar impresora de factura.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira dos vehículos, a fin de permitir a súa visualización polas persoas usuarias, tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento.

3. Os vehículos deben estar equipados cun módulo luminoso exterior que sinala claramente, de acordo coa normativa técnica de aplicación, tanto a dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo como a tarifa que resulte de aplicación.

4. Os vehículos deben ter unha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora. Contarán con 4 portas de fácil acceso e funcionamento que faciliten a manobra con suavidade. En todo caso, contarán cun espazo dedicado a maleteiro, totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado ó pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe do mesmo.

5. Os vehículos poderán ir provistos dunha prancha móbil de separación entre o condutor e os usuarios, das características para o efecto establecidas e homologadas polas autoridades competentes. Cando se instale esta prancha móbil de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, ampliable a catro cando o condutor do vehículo autorice a utilización do asento contiguo ó seu.

6. Os vehículos deben ter de maneira visible nas dúas portas dianteiras o escudo do Concello de Fene e o número de licenza de taxi ó que se encontre afecto, así como unha placa co dito número no interior do vehículo.

7. Os vehículos que se adscriban a novas licenzas outorgadas ou os novos vehículos que, a partir da entrada en vigor desta ordenanza, se adscriban a licenzas preexistentes deberán ser de cor branca.

8. O Concello de Fene será o competente para autorizar a colocación de anuncios publicitarios no exterior dos vehículos.

A publicidade deberá cumprir a lexislación vixente en materia de publicidade, tráfico e seguridade viaria, deberá permitir que os vehículos conserven a súa estética, non impliquen a perda de visibilidade nin xeren perigo e respecten os requisitos de imaxe unificada dos taxis que poida establecer a Xunta de Galicia. Queda prohibida toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

A solicitude de licenza virá acompañada da documentación necesaria na que se precise o lugar de colocación da publicidade, formato, dimensións, contido, modo de colocación, material empregado e demais circunstancias que se consideren necesarias para outorgar a autorización.

A publicidade exterior dos taxis deberá ir situada nas portas laterais traseiras. Haberán de empregarse materiais que non danen a pintura do vehículo e sexan susceptible de ser retirados ou substituídos con facilidade e rapidez. Haberán de ter a necesaria resistencia fronte á degradación pola acción do sol e os axentes atmosféricos, presentando a debida capacidade fronte ós cambios de temperatura.

9. Os vehículos irán provistos sempre da seguinte documentación:

- Licenza municipal e autorización interurbana de taxi.**

- **Carné de conducir esixido pola lexislación vixente.**
- **Permiso de circulación do vehículo.**
- **Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo.**
- **Seguros esixibles legalmente.**
- **Follas de reclamacións.**
- **Cadro de tarifas oficiais.**
- **Contrato de transporte, no seu caso, conforme ó sinalado no artigo 13.5.**

10. A cada licenza de taxi so se poderá adscribir un vehículo concreto.

Os vehículos poderán ser substituídos, previa autorización do Concello de Fene, sempre que o vehículo que substitúa ó anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

ARTIGO 11. TAXIS ADAPTADOS

De conformidade co RD 1544/2007 polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, é obrigado contar no Concello de Fene cun taxi adaptado para transportar a persoas usuarias con discapacidade.

De non alcanzarse de forma voluntaria entre os titulares de licenzas de taxi preexistentes a porcentaxe de taxis adaptados establecido polo Real decreto 1544/2007, o Concello de Fene poderá optar entre esixir á persoa titular da última licenza de taxi outorgada que preste o servizo mediante taxi adaptado ou ben crear unha nova licenza de taxi adscrita indefinidamente a taxi adaptado, sen a limitación á que se fixo referencia no artigo 3.

Non obstante, calquera titular dunha licenza de taxi do Concello de Fene poderá adscribir á mesma un vehículo adaptado.

Os taxis adaptados darán servizo preferente ás persoas con mobilidade reducida, pero non terán ese uso exclusivo.

III. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 12. DEDICACIÓN Ó SERVIZO

1. A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e haberá de prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar a persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquela, que deberán figurar a xornada completa e con dedicación exclusiva.

Non obstante, a plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e a prestación persoal da persoa titular da licenza de taxi solo resultará de aplicación respecto dos títulos habilitantes outorgados ou que se outorguen con posterioridade ó 14.07.2013 así como a aqueles outros transmitidos ou que se transmitan desde o dito momento, inter vivos ou mortis causa, salvo no caso da primeira transmisión de títulos habilitantes mortis causa que tampouco resultarán de aplicación ás citadas esixencias.

2. Os condutores/as deberán posuír o correspondente permiso de conducción establecido na lexislación vixente e dispoñer da correspondente capacitación profesional que a normativa estableza.

3. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas a máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular. A relación entre as persoas condutoras asalariadas e os titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.

O titular da licenza de taxi deberá comunicar ó Concello de Fene os datos do condutor/a asalariado adscrito/a á dita licenza para o seu rexistro. A comunicación deberá ser

realizada con carácter previo a que o condutor asalariado comece a prestar os seus servizos.

A persoa titular da licenza de taxi, sempre que fose requirido, haberá de xustificar ante o Concello de Fene o cumprimento das prescricións legais en materia laboral e de seguridade social relativas ás persoas asalariadas.

ARTIGO 13. PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria:

- Nas paradas establecidas.
- Mediante a súa chamada na vía pública.
- Por medios telemáticos.
- Mediante a súa reserva previa.
- Por outros modos que estableza a normativa.

2. As paradas son os lugares onde os taxis poden estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiros, facilitando no seu emprazamento o acceso a persoas con mobilidade reducida. As paradas encóntranse fixadas no anexo I, sen prexuízo da fixación no futuro e conforme á normativa vixente de novas ou distintas paradas para a adecuada prestación do servizo.

Para a prestación do servizo os vehículos situaranse por orde de chegada nas paradas de estacionamento.

Cando os/as usuarios/as acudan a parada para solicitar o servizo deberán dirixirse ó vehículo situado en primeiro lugar respectando a orde de chegada.

3. As persoas usuarias poderán concertar o servizo de taxi na vía pública mediante o aviso de detención do taxi libre de servizo, que virá obrigado a atender a dita solicitude a condición de que non se vulneren as disposicións sobre tráfico e seguridade vial ou afectase gravemente á fluidez do tráfico.

Non poderá utilizarse este modo de concertación -aviso de detención na vía pública do taxi libre de servizo- se a persoa peticionaria do servizo estivese nas proximidades dunha parada onde houberse taxis ou outras persoas usuarias en espera do servizo (150 m), salvo para persoas de mobilidade reducida cando solicitasen un taxi adaptado.

4. A normativa establecerá os requisitos e condicións de contratación do servizo de taxi mediante medios telemáticos, así como as condicións para determinar o momento e lugar no que haberá de poñerse en funcionamento o taxímetro.

En tanto non se produza tal desenvolvemento regulamentario, os servizos contratados por mediación de centrais de radiotaxi ou sistemas tecnolóxicos equivalentes consideraranse iniciados no lugar e momento no que o vehículo recibise o encargo de prestar o servizo. Deben coincidir os municipios en que se atopa residencia da licenza de taxi, se recibe o encargo e se localizan os puntos de recolleita ou destino dos viaxeiros. En todo caso, o importe máximo do taxímetro no momento da recolleita efectiva da persoa usuaria non poderá superar o importe correspondente ó mínimo establecido para o inicio do servizo.

5. Os servizos de taxi poderán ser obxecto de concertación ou reserva previa entre o titular da actividade e o cliente, ben directamente ben mediante a utilización de centrais de reserva.

Nestes supostos, salvo indicación expresa efectuada no momento da referida concertación, o taxista ou a central de reservas, segundo o caso, asumirán a responsabilidade de prestación efectiva do servizo ante o cliente.

Mediante a súa concertación previa, poderá contemplarse que o acceso das persoas usuarias ó vehículo se efectúe en distinto termo municipal a aquel no que estea domiciliada a licenza de taxi, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que o contrato se documente por escrito con cada usuario do servizo ou cun mandato verbal seu, debendo neste último caso deixarse constancia escrita da existencia do mandato antes do inicio do transporte.
- Que o servizo concertado tivese por destino efectivo o concello no que está domiciliada a licenza de taxi ou se tratase dun servizo de taxi para persoas usuarias de mobilidade reducida e en cadeira de rodas, a condición de que nos municipios de orixe e destino non existisen vehículos de taxi adaptados de conformidade co establecido na lexislación vixente.

Nos dous casos sinalados, o contrato de transporte haberá de levarse nun lugar visible do vehículo durante o servizo, estando a disposición da inspección de transportes en calquera momento da prestación do servizo.

6. Os condutores que, estando libre o vehículo, fosen requiridos para prestar servizo na forma establecida, non poderán negarse ó mesmo, excepto por causa xustificada.

Terán a consideración de causa xusta as seguintes:

- Ser solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos viaxeiros estea en estado de manifesta embriaguez, ou intoxicación por estupefacientes, excepto nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando as equipaxes ou vultos non entren no maleteiro ou porta equipaxes.
- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade

Non poderá negarse a prestación do servizo a persoas con discapacidade polo feito de ir acompañados de can guía ou en cadeira de rodas.

7. A prestación do servizo de taxi no Concello de Fene debe estar garantida as 24 horas do día polo que os titulares das licenzas de taxi deberán organizarse co propósito de cumprir a dita obriga.

En calquera caso, a autoridade municipal poderá establecer as medidas de organización e control que considere necesarias, atendendo as necesidades públicas, para o perfeccionamento do servizo.

8. Os condutores deberán coidar a súa indumentaria en perfecto estado de limpeza e o seu aseo persoal será correcto. Na súa relación co público, gardarán a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

Os condutores deberán seguir en cada servizo o itinerario máis corto, excepto indicacións en contra do viaxeiro, axustándose en todo momento ás normas e sinais de circulación e ás indicacións dos seus axentes.

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os dereitos e deberes regulados nos artigos 42 e 43 da Lei 4/2013.

ARTIGO 14. TARIFAS

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

2. As tarifas de aplicación ós servizos de taxi no termo municipal de Fene son as fixadas no anexo II.

As tarifas aplicables ós servizos interurbanos de taxi serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

3. As tarifas serán de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi e para as persoas usuarias.

As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria desde o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos.

Os condutores dos vehículos están obrigados a proporcionar ó usuario cambios de moeda metálica ou billetes ata a cantidade de 50 euros.

IV. DO RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 15. INFRACCIÓNS, SANCIO NS E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Seguirase o regulado no título IV da Lei 4/2013, artigos 56 ó 66.

As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderalle á policía local do concello.

A competencia para a imposición de sancións respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderalle ó alcalde do concello.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ó que establece esta ordenanza e, en particular, a ordenanza reguladora do servizo de taxis no Concello de Fene de 1971.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Non obstante, a aplicación do anexo II require da obtención da autorización pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia conforme ó artigo 16.4 e ó anexo II do Real decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica. Concedida a dita autorización darase conta da mesma mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I - LOCALIZACIÓN DE PARADAS

**Avenida de Conces núm. 1 (Fene)
Rúa Cañotas con Avda. Marqués de Figueroa (Perlío)**

ANEXO II - TARIFAS

TARIFA URBANA	TARIFA 1	TARIFA 2
----------------------	-----------------	-----------------

	SEN IVE	CON IVE	SEN IVE	CON IVE
Baixada de bandeira *	3,27	3,60	3,91	4,30
Kilómetro percorrido	0,91	1,00	1,09	1,20
Hora de espera	13,64	15,00	18,18	20,00
SUPLEMENTOS	TARIFA 1 E 2			
	SEN IVE		CON IVE	
Maleteiro **	0,55		0,60	
Animais ***	0,91		1,00	
Nadal e fin de ano	2,73		3,00	

Tarifa 1: Aplicable os días laborables de 06:00 h ás 22:00 h

Tarifa 2: Aplicable os días laborables de 22:00 h ás 06:00 h, os sábados de 15:00 h ás 24:00 h, domingos, festivos e 24 e 31 de decembro.

*** Establécese unha percepción mínima, o taxímetro comezará a computar ó percorrer 1.700 metros ou tempo equivalente.**

**** Excepto cadeiras de minusválidos e de nenos**

***** Cans e gatos, excepto cans guía".**

2. Someter o acordo de aprobación provisional da ordenanza reguladora do servizo de taxi no Concello de Fene a información pública, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e a audiencia dos interesados durante un prazo de trinta días para a presentación das reclamacións e suxestións que se estimen pertinentes.

No caso de que no prazo sinalado non se presentara ningunha reclamación nin suxestión entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación provisional.

3. Aprobada definitivamente a presente ordenanza deberá ser remitido o anexo II das tarifas a aplicar nos servizos de taxi no termo municipal de Fene á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para que conceda a autorización da súa aplicación conforme ó artigo 16.4 e anexo II do Real Decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

8. Mocións urxentes

8.1 Moción do grupo mixto sobre a Oficina de Correos

Preséntase esta moción urxente que entra na orde do día por votación unánime dos concelleiros unha vez que a voceira do grupo mixto xustificara a urxencia do asunto no risco dos postos de traballo da oficina:

“Ma Carmen Martínez Rodríguez, voceira de Esquerda Unida no Concello de Fene, ó amparo da lexislación vixente presenta, para o seu debate e exposición, a seguinte MOCIÓN ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ma Carmen Martínez Roddríguez, , ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate no Pleno, apoiada polo Comité de Empresa e mais pola Xunta de Persoal desta empresa da provincia de A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras da Oficina de Correos que prestan os seus servizos na Oficina de Correos de Fene, veñen de constituír unha Plataforma, apoiada polo Comité de Empresa e pola Xunta de Persoal desta Empresa na Provincia de A Coruña, para loitar contra os recortes de plantilla que están previstos no seu centro de traballo.

A actual Dirección de Correos ten prevista o que eles chaman unha reestruturación de plantilla, a cal quedaría implantada no transcurso de este ano. Dita reestruturación non é senón que un eufemismo para tratar de reducir a plantilla de traballadores e traballadoras existente que actualmente presta servizo nos Concellos de Fene, Ares e Mugardos. Na actualidade o número de seccións de reparto na Oficina de Fene é de 17, distribuídas en 3 seccións de reparto a pé, 4 en moto que atenden o núcleo urbano e 10 rurais.

A partires da entrada en vigor da Lei 24/1998, de 13 de xullo, do Servizo Postal Universal e de Liberalización dos Servizos Postais e a súa posterior modificación da que resultou a Lei 43/2010, de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, a situación Postal nos Concellos de Fene, Ares e Mugardos, apenas sufriu modificación algunha posto que a cota de mercado que se desviou a outros operadores postais de carácter privado non tivo repercusión no volume de negocio da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A.

A dirección da empresa ven a xustificar o recorte da plantilla, basicamente en dous parámetros: a diminución da poboación nos últimos anos e a baixada de volume da correspondencia ordinaria. Estes dous datos son totalmente insuficientes para xustificar un recorte de plantilla nestes Concellos xa que a diminución da poboación no censo carece de importancia para xustificar que se recorte a plantilla xa que dende o ano 2009 ata o de agora apenas sufriu unha diminución en 800 persoas nos tres concellos. Mesmo na penúltima reforma que se fixo na localidade de Ares e Mugardos, no ano 2006, cando este Concello contaba con 336 habitantes menos dos actuais, Correos creou unha praza nova.

En segundo lugar, dende a crise que estamos a padecer, o volume anual de correspondencia ordinaria sufriu unha diminución, sobre todo, nos anos 2010, 2011 e 2012 en relación ós anos anteriores ó 2008, pero a día de hoxe, volta a haber un reponte sostido dende os últimos meses do ano 2013. Nembargante, o volume de envíos certificados, sobre todo notificacións, aumentou de xeito considerable, ata o punto de chegar a representar máis do 45% do actual volume de negocio da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A. Tamén aumentou o volume de paquetería nestes últimos anos, debido sobre todo, ás compras por internet, ós contratos coas empresas de telefonías móbiles e coa empresa Amazon.

Nos creemos que a redución de plantilla a nivel estatal, que nos últimos cinco anos, pasou de 65000 traballadores ós 54140 ó peche do 2013, se debe a causas de cambio estrutural que tratan de amoedarse a criterios privatizadores e recentralizadores, posto que, Galiza pasa a ser unha das Comunidades do Estado con maior destrución de emprego, sobre todo, pola súa especificidade poboacional que contén o 50% do reparto rural do Estado, así mesmo, no ano 2013 en Galiza, as vacantes non cubertas por xubilacións ou concursos, achéganse ás 600 e as baixas por enfermidade non cubertas na nosa Comunidade exceden das 200.

Si se leva a cabo un recorte de plantilla, significará un grave deterioro do servizo de Correos nesta cidade, posto que será imposible cumprir co legalmente estipulado na a Lei 43/2010, de 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, que no artigo 24 cita textualmente: "As entregas practicaranse , cando menos, todos os días laborables, de luns a venres".

Por todo o exposto, é polo que solicitamos ó Pleno de este Concello a aprobación da seguinte proposta de resolución:

1.- Que o Pleno do Concello de Fene se dirixa de xeito institucional á Dirección da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos S.A., para o seguinte:

a) Amosar o seu desacordo contra calquera tipo de recorte de emprego na nosa cidade lembrándolle o seu deber de repartir tódalas zonas da cidade todos os días laborais da semana como dita o artigo 24 da actual Lei 43 / 2010, de 30 de decembro.

b) Esixir á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A., que manteña as actuais seccións de reparto, e que se cubran as prazas vacantes, coa única modificación de un reequilibrio das cargas de traballo das diferentes seccións.

c) Esixir que ningunha das seccións da Oficina de Correos de Fene se quede sen repartir diariamente e que se cubran as baixas, vacacións, permisos retribuídos, sobrecargas de traballo, etc. con persoal eventual das bolsas de contratación.

d) Esixir que a oficina esté dotada en todo momento dos medios materiais e humanos suficientes e eficaces para poder cumprir o servizo de reparto dignamente.

2.- Que se lle de traslado desta resolución ós Plenos da Deputación de A Coruña, á Xunta de Galiza e máis ó Parlamento Galego, demandándolles que se pronuncien neste mesmo sentido e que trasladen as súas resolucións a Correos, ó Goberno do Estado e o Parlamento estatal.

En Fene, a 30 de marzo de 2015
Asdo.- M^a Carmen Martínez
Voceira Grupo Municipal EU Fene"

Abre o debate a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que están en xogo os postos de traballo de Correos porque ademais de reducir, queren amortizar as vacantes que hai; non se están a cubrir as baixas, nin as vacacións, nin os permisos que lles corresponden aos funcionarios e teñen que repartir o traballo entre os que quedan. O que pretende é que se dinamice o servizo, sobre todo na zona rural que é onde hai unha maior poboación envellecida e semella que Correos ten unha proposta, que cualifica como "peregrina", de colocar caixas de correo en determinados puntos estratéxicos das zonas rurais e que cada veciño coa súa chave vaia recoller a súa correspondencia. Entende que o servizo de correos no rural fai máis labor que a de repartir o correo e que por iso hai que presionar para que non só non se perdan estes postos de traballo, senón que ademais se faga unha reorganización á hora de cubrir as baixas e se lle dea unha maior calidade no servizo.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que hai uns días puideron falar cun traballador da oficina de Correos de Fene que lle explicou a situación que estaban a vivir e isto o expuxo con claridade a voceira do grupo mixto. O goberno do Estado está a desmantelar as empresas e servizos públicos. Di que este é un servizo que non lle é alleo pois traballou anos nesta empresa e coñece o funcionamento. Pensa que o servizo de Correos que hai aquí é un dos mellores do mundo e o é facendo auténticos milagres, pola formación e calidade humana do persoal, cunha alta capacitación e formación e cun baixo salario. Non só é de xustiza conservar os postos de traballo, senón que tamén é de xustiza porque é un servizo de alta calidade e personalizado.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que este non é un problema novo que só afecta a oficina de Fene e non só afecta a Correos, é un problema que afecta a todas as administracións e empresas públicas que ten o Estado. Estase nunha situación de recortes no que semella que todo ten que ser moi rendible, cando o servizo público non ten que limitarse moitas veces a cal é o máximo beneficio que se pode obter, hai moitos servizos que

se deben prestar que non teñen por que ter un beneficio directo, como lle ocorre ao servizo de correos ou a unha biblioteca pública.

Respecto da moción, di que recolle perfectamente o problema desta zona. Ofrece datos que manifestan que se mantén o volume dos servizos, mesmo dise que aumentan o número de certificados. Outra cousa é que nestas zonas non se deben recortar os servizos debido ás características da poboación que impedirían facer un reparto conforme á normativa. Por iso pensa que isto non se pode nin se debe permitir e está de acordo coa explicación e coa exposición de motivos coma co que se solicita na moción.

De seguido intervén a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o seu partido non está polo desmantelamento das empresas públicas. Lamenta que este Pleno non teña máis poder de decisión respecto de temas coma este e amosa o seu apoio a todos os traballadores da oficina de Fene. Entende que o concello, pola súa situación xeográfica e demográfica ten que manter a carga de persoal tal e como está agora e por iso o apoio do goberno local é total na medida na que poidan xestionar calquera solución.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Que o Pleno do Concello de Fene se dirixa de xeito institucional á Dirección da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos S.A., para o seguinte:

a) Amosar o seu desacordo contra calquera tipo de recorte de emprego na nosa cidade lembrándolle o seu deber de repartir tódalas zonas da cidade todos os días laborais da semana como dita o artigo 24 da actual Lei 43 / 2010, de 30 de decembro.

b) Esixir á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A., que manteña as actuais seccións de reparto, e que se cubran as prazas vacantes, coa única modificación de un reequilibrio das cargas de traballo das diferentes seccións.

c) Esixir que ningunha das seccións da Oficina de Correos de Fene se quede sen repartir diariamente e que se cubran as baixas, vacacións, permisos retribuídos, sobrecargas de traballo, etc. con persoal eventual das bolsas de contratación.

d) Esixir que a oficina estea dotada en todo momento dos medios materiais e humanos suficientes i eficaces para poder cumprir o servizo de reparto dignamente.

2. Que se lle de traslado desta resolución ós Plenos da Deputación de A Coruña, á Xunta de Galiza e máis ó Parlamento Galego, demandándolles que se pronuncien neste mesmo sentido e que trasladen as súas resolucións a Correos, ó Goberno do Estado e o Parlamento estatal.

8.2 Moción do grupo do BNG a prol do mantemento e gratuidade dos rexistros civís

Preséntase a seguinte moción por parte do grupo do BNG que entra na orde do día coa votación unánime dos concelleiros unha vez que o voceiro do grupo xustificara a urxencia do asunto en que se non se toman medidas antes, en xullo entrará en vigor o RDLei 8/2014:

“MOCIÓN A PROL DO MANTEMENTO E GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuito acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuito que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora póñense en mans privadas, impoñendo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Expresar o rexeitamento ao *Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia*, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.
3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a moción fala da privatización e do recorte dos servizos e dos cadros de persoal, cos correspondentes custos engadidos para os usuarios e os cidadáns en xeral. Moita xente pode pensar que xa se están a pagar os servizos porque se lles paga aos funcionarios pero este argumento non aforrara nada, xa que o que provocará é que se lle pague a outro traballador privado. Os rexistros civís existen dende 1889 e cos cartos e recursos públicos que se levan investidos, sobre todo nestes últimos anos, agora que o traballo está feito, pensa que non é o momento de pasalo a mans privadas.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que novamente están ante un servizo que o PP quere deixar en mans privadas para

que aquilo que é de todos e que está nas mans do Estado pase a que o exploten uns poucos e acaben cobrando máis do que custa o servizo e non se gañe nada máis que que cando o Presidente do Goberno volva ao seu posto profesional poida gañar máis cartos. Parécelle lamentable o espolio que está a sufrir este país, sobre todo cando incide no servizo dos cidadáns, por non falar do pánico de que cada vez máis información privada dos cidadáns acabe en mans de quen mercadea coa xestión dos datos privados.

De seguido a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que non só lle preocupa o custo dos trámites, senón que tamén haberá custos de desprazamento. Tamén é moi importante a confidencialidade e nas mans de quen están os datos das persoas. Coincide co dito de que Rajoy goberna para os seus intereses propios e os dos seus amigos. Entenden que se algo funciona e funciona ben non se deben facer cambios se non é para mellorar e neste caso non o é. Por todo isto vai votar a favor.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que subscribe os tres puntos do acordo pero non a exposición de motivos por presentar moitos erros. Comezando polos traballadores do rexistro, di que este cambio comeza cunha lei do anterior goberno do 2011, que trababa de buscar unha desxudicialización dos traballadores, pois estaban adscritos ao Ministerio de Xustiza. Con esta lexislación os traballadores seguirán sendo funcionarios e tampouco os rexistros pasarán a mans privadas, xa que nos Rexistros da Propiedade ou Mercantíns tamén hai funcionarios. Por outro lado, tamén está vixente a Lei de protección de datos que protexe os datos privados das persoas. Tamén se fala que os lugares dos rexistros pasarían a Coruña, Lugo, Ourense ou Pontevedra e iso non é certo: Fene pasaría á zona de Pontedeume.

En canto aos cobros dos trámites, di que todos os trámites terán os mesmos custos. Por iso, como dixo, coincide cos acordos da moción xa que os Rexistros Cívís teñen unha proximidade cos veciños que non se manterá.

Solicítalle ao BNG que retire o primeiro parágrafo da exposición de motivos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o persoal do Rexistro da Propiedade e o Rexistro Mercantil non son funcionarios, son empregados, regulamentados por un convenio colectivo. Hai un ano que se presentou neste Concello unha petición do persoal do rexistro e lembra que foi votada a favor por todos os grupos. Esta moción foi fomentado polos funcionarios do Rexistro e para demostrar que a moción foi o máis aséptica posible e limitada ao dito polos propios funcionarios pasa a ler a súa proposta que fala da privatización do Rexistro Civil, de que se pretende que desaparezan a partir do 15.07.2015, que se pasará a pagar por un servizo que ata o de agora é gratuíto por moitos trámites. Salienta que o primeiro que se pasará a pagar é pola nacionalidade, que o Ministerio xa tivo que adoptar unha partida de 4,5 millóns de euros aos rexistradores para facerse cargo deste trámite. Tamén fan referencia aos datos privados que serán tratados por persoal non funcionario e que moitas vilas e cidades perderán as oficinas cara as capitais de provincia. Ademais do dito, con esta modificación estase entregando ás cidades moita da historia das vilas e dos municipios. Por último fai referencia a que España adicou máis de 125 millóns de euros en modernizar e dixitalizar os Rexistros Cívís e agora estes datos vanse trasladar ás bases de datos dos rexistradores para a súa explotación dixital. Por último, os postos de traballo dos funcionarios están garantidos e como tales prestarán servizos noutros xulgados, mais todos pagarán este funcionamento. Por todo isto non van retirar a exposición de motivos porque case que vai totalmente calcada á súa proposta.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que non debería haber moita desconfianza cara o persoal laboral que traballa para unha persoa pública como pode ser un Rexistrador da Propiedade, máxime dende este Concello no que hai moito persoal laboral que tramita expedientes con grande confidencialidade. Respecto do custo na súa anterior intervención, dixo que non suporá un custo directo para os cidadáns. Non obstante, o goberno do PP de Fene están en contra.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado

español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.

2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.

3. Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.

9. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Xa se anunciou que a praza Verde xa estaba acondicionada, pero detectou que hai parafusos que non teñen o tapón de seguridade, hai cables soltos nalgúns xogos e nalgúns bancos, o báculo de iluminación está a menos dun metro da cama elástica sen que exista protección. Roga que se arranxen estas deficiencias e se faga unha revisión cara evitar algún incidente.

- Recibiron algunha queixa respecto a exposición das palilleiras por parte da organización destas. Viñan colaborando neste acto, saben que este ano houbo cambios importantes porque Os Tadetas non organizaron o evento e están molestas porque non se lles consultou nada. Roga que se lles consulte á hora de organizar este evento.

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que é a primeira vez que o Concello se fai cargo deste evento, ademais con escasa marxe de tempo, estase a subsanar erros.

- Roga que lle expliquen os cambios de usos do polígono, no anterior Pleno preguntaron se había tales cambios de uso e contestáronlle "pola tanxente" dicindo que estaban pendentes de licenzas e demais, preguntaron se había previsión de traelo ao Pleno e tampouco se lle contestou. Logo aos 15 días viron que se aprobou na Xunta de Goberno. Por iso roga que se lle dea unha explicación. Tamén quere que se lle explique o que vai supor o cambio de usos no polígono, pois hai acontecementos que lles estrañan, así hai un empresario que mercou unha parcela no polígono para facer un hotel cando os usos non o permiten, pero coa previsión de que cambien logo dun ano e agora ven como se cambian ditos usos en menos de tres meses.

Contéstalle a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que consta na acta do Pleno anterior, ao igual que se deu conta na Comisión de Urbanismo, que o expediente estaba pendente dun informe do enxeñeiro para aprobalo en Xunta de Goberno; en canto foi emitido, aprobouse na Xunta de Goberno, publicouse en dous xornais, no País e no Ideal Gallego, acaba de saír publicado no BOP e a exposición pública remata o 7 de maio. Respecto da previsión para traelo ao Pleno di que non a sabe, que non pode saber se vai haber alegacións ou non, non obstante mantén o que xa dixo no anterior Pleno, este goberno vai seguir os pasos precisos, igual ca co resto dos expedientes.

- Roga que lle expliquen que pasou coa empresa do lado de Salvamento Marítimo que aluga pistas de padel, porque xa lle preguntaron na Comisión e no Pleno e dixeron que ían tomar medidas pero a empresa segue aberta. Neste sentido hai meses e anos que outros empresarios de Fene preguntaron para facer unha actividade semellante e se lles dixo que os usos do polígono non o permitían e desistiron de poder facelo cando este empresario se lle permite, ben por activa, ben por pasiva. Por iso, con este cambio de usos, permitírase a quen cometeu a ilegalidade, a quen estivo nunha irregularidade permanente, que estea posicionado no mercado mentres os demais empresarios, que cumpriron a legalidade, non puideron instalar o negocio, atopándose con esta outra empresa que xa lles comeu o terreo.

Non pode entender que un cambio legislativo importante como é un plan de usos do polígono, que provoca o cambio de valor dos terreos segundo o uso que teñan, vai favorecer ao pirata, isto é un feito coñecido por todos.

Contéstalle a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que o PSOE pediu por escrito unha copia do expediente, ademais na Comisión a voceira de IU xa alertou desta actividade e díxoselle que se abriu un expediente ao que se presentaron unhas alegacións, que están para informar polo enxeñeiro. Hai dúas semanas a empresa presentou unha nova comunicación previa e isto está pendente de se resolver. Igual querían que o goberno adoptase algunhas medidas cautelares e procedese a pechar a actividade e iso non se vai facer, porque aínda que os usos do

polígono no permiten pistas de padel, cando chegaron ao goberno, practicamente non había no polígono ningunha nave nin ningunha actividade legalizada e algunha actividade era bastante máis perigosa. A día de hoxe, incluso as obras están legalizadas porque o traballo xurídico que se fixo foi impresionante e permitiu non pechar actividades. O expediente da nave de padel vaise resolver, pero non segundo o que quere insinuar e dille que o goberno actual está para xestionar as distintas concellarías e, respecto deste expediente, non se vai apurar máis nin retrasar menos.

Remata dicindo que hai nova documentación que poden consultar cando queiran.

- Na última Comisión preguntóuselle ao concelleiro de Servizos se sabía cantos traballadores externos tiña contratado o Concello e dixo que non o sabía e ofreceulles cifras aproximadas. Non é normal que non se saiba este dato cando están cansos de dicirle á oposición que son contratacións para cousas urxentes. Di que unha das necesidades urxentes que el observou foi o traballo de dous traballadores dunha empresa externa limpando cunha hidrolavadora un metro cadrado da praza do Concello; un deles era unha muller sentada chateando co móbil. Á saída da Xunta de Voceiros a situación era igual.

Seguidamente intervén o alcalde que lle di que se trata de empregados do RISGA.

Prosegue o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que se son traballadores terán que traballar.

Contéstalle o alcalde que isto foi contestado por escrito.

- Pregúntalle ao concelleiro de Servizos: ten algunha relación e coa empresa que ten instalada as pistas de padel no polígono?.

Contéstalle o alcalde que pensa que estas cousas son graves, antes falouse moito da protección de datos e pensa que antes de facer este tipo de preguntas hai que asegurarse de moitas cousas.

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que non ten ningunha relación pero se a tivera pensa que non lle debería importar cal é, porque se trataría de asuntos persoais.

- Que tipo de usos se están facendo cos calendarios "turísticos" nos que aparecen tanto o alcalde como o concelleiro de Facenda?

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que non entende ao que se refire cos usos. O que se está facendo é darlles a todos os veciños que veñen ao Concello ou a Área de Promoción Económica un exemplar que contén os elementos turísticos que se queren destacar, o uso é unha promoción turística coma tal. Tamén se distribúen nos eventos turísticos, como pode ser o encontro de palilleiras.

- Informóuselle na Comisión que un técnico municipal informou que había uns árbores podres en Barallobre e que precisaban ser talados, quen foi o técnico que informou?

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que informou o xardiñeiro, que é perito agrónomo.

- Respecto dos pasos elevados informóuselles no anterior Pleno que non había novidades. Sábese algo máis ao respecto?

Contéstalle o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que o paso elevado de Perlío xa se acabou, falta unha man de pintura ás columnas e o de Barallobre está pola metade dos traballos.

O voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, di que preguntaban polos novos pasos e non polo arranxo dos vellos.

Contéstalle o alcalde que en relación co novo paso elevado e o paso subterráneo de Antonia Montero, o expediente está en Adif para expropiar os terreos correspondentes logo de que vostedes non achegaran os terreos.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Como están os vertidos de San Valentín? houbo solución?. Di que existen outros dous puntos preto das Pías que seguen a verter.

Contéstalle o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que o enxeñeiro municipal foi ata San Valentín a inspeccionar a zona e todo apunta a que quedou sen conectar unha zona; non obstante, cando teña o informe, dará conta da solución.

Dos outros dous vertidos non sabemos nada. Irémoslos ver.

- Dixéronlle que Navantia ten solicitadas unhas licenzas de recheo e quere saber que outras autorizacións terá que pedir Navantia, ademais das municipais.

Contéstalle o alcalde que hai unha licenza solicitada, as demais pensa que se van presentar mañá por comunicación previa. O recheo, nun principio non era preciso porque ían cargar as estruturas en pontona pero agora decidiron que o traslado vaise facer en barco e para pasar a estrutura ata o peirao 10 hai una pequena "ensenada" que hai que rechear para dar o ancho das estruturas. A solicitude de licenza está en urbanismo para consultarse e infórmalle que a licenza xa se concedeu, asinouse pero aínda non se notificou. Ademais, a licenza solicitaba o acondicionamento dun vial para o traslado das pezas ao que se lle respondeu que para isto precisábase dunha comunicación previa e declarouse a inadmisión a trámite. Por outro lado, a autoridade portuaria achegoulle ao Concello un prazo de alegacións. Medioambientalmente pensa que Navantia xa o ten listo, aínda que non consta nesta licenza.

- Roga que se facilite información por escrito dos trámites da cesión do campo de fútbol de Maniños. Contéstalle o alcalde que ata o de agora só entrou o proxecto que está en Urbanismo para poder ser consultado, o que terá que ser informado técnica e xuridicamente. A idea é levalo á Comisión para levalo ao Pleno extraordinario, se é que se fai, o 20 deste mes. Tamén está pendente de facer o convenio de cesión, xa que os terreos xa están documentados. O que ten que ir ao Pleno é o proxecto, a aceptación da cesión non ten que vir ao Pleno porque non ten custe.

- Hai uns días saíu nos xornais que a rúa Doutor Malvar ten dirección prohibida agás para os garaxes, por iso roga que lle faciliten os escritos dos veciños e o informe policial para facer esa modificación, xa que considera que isto é perigoso para a circulación. Roga que se lle achegue dito informe.

Contéstalle o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que hai un informe da Policía Local e pódese consultar. No 2009 os veciños presentaron un escrito que se reiterou en febreiro deste ano.

- En relación coa aprobación na Xunta de Goberno da ordenanza dos cambios de usos do polígono volve retomar o que xa dixo respecto da ordenanza dos taxis, non se tivo en conta e non se pediu opinión da oposición para esta modificación e logo isto vai ter que ir ao Pleno. Pensa que se debía de falar coa oposición e pedir opinións. Cabanas fixo a mesma modificación dos usos?

Contéstalle o alcalde que vai no seu novo plan de urbanismo, que pensa que xa está aprobado inicialmente.

A voceira do grupo mixto municipal, María Camen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Recibiron varios correos electrónicos con fotografías dos veciños das vivendas de Santa Mariña de Sillobre que se queixan do estado do parque infantil. Roga que se arranxe.

- Cando comezou a lexislatura fixo unha visita, xunto ao concelleiro de Servizos, ao camiño de Orra porque había moitos veciños que pedían unha única dirección, xa que hai zonas onde non pasan dous coches. Agora que se está arranxando o camiño roga que a Policía Local faga un informe neste sentido e se faga o camiño de única dirección.

- No Pleno preguntou por que non estaba en funcionamento o dominio .gal e díxoselle que se lle ía facilitar unha resposta. De igual xeito pasou coa pregunta do custo do entroido que tamén se dixo que lle contestarían por escrito e tampouco recibiu nada. Tamén lembra que ten presentado por rexistro varios escritos solicitando outra serie de documentación. Roga que se lle achegue no prazo máis breve posible.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 19:56 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas

Dilixencia: póñoa eu, secretario accidental, para dar fe de que a presente acta foi aprobada coa seguinte rectificación no punto sétimo da orde do día:

Onde di "Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que é certo en sentido figurado que a ordenanza son tres," pasa a dicir "Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que é certo en sentido figurado que a ordenanza son tres follas,".

O secretario accidental

Fernando Aradas García